


 hora de analiza-lo sector servicios hai que partir da consideración de que se trata dun sector que engloba a un conxunto heteroxéneo de actividades, como son, seguindo o índice da memoria, o comercio, turismo, comunicacións, transporte, servicios a empresas, servicios financeiros e servicios non destinados á venda.

Atendendo á Contabilidade Trimestral de Galicia, **cadro 1.1.1.** (*VEB a prezo de mercado: taxas de variación 1997-98*), pódese dicir que a evolución do sector servicios presenta en 1998 unha taxa de crecemento similar á experimentada o ano anterior, aínda que a diferenza do acontecido en 1997, a medida que avanza o ano, as taxas de crecemento chegan a ser inferiores ás do ano anterior.

En relación á **poboación ocupada** no sector servicios de Galicia e a súa distribución por ramas de actividade, o **cadro 4.0.4.** (*Poboación ocupada 1997-98: distribución por ramas de actividade*) amosa cómo a maior parte da mesma concéntrase no comercio por xunto e polo miúdo, que engloba ó 23,43% do total ocupado no

sector servicios (111,4 miles de persoas en 1998), e a menor nas institucións financeiras e de seguros, que acolle ó 3,87% (18,4 miles de persoas). Dos diferentes subsectores, só o de transportes e comunicacións experimenta unha redución na poboación ocupada, pasando de 47,4 miles de persoas en 1997 ós 46,0 miles de persoas de 1998.

No que ás taxas de crecemento da poboación acupada se refire, son os subsectores de “hoteis, restaurantes e bares” e o de “educación” os que presentan as maiores taxas de crecemento, con 10,5% e 9,1%, respectivamente. Pola contra, o subsector “comercio por xunto e polo miúdo” crece só un 1,4% respecto ó ano anterior.

Atendendo ós **indicadores empresariais** facilitados polo Ardán, o 21,13% das empresas seleccionadas, é dicir, un total de 2.352, pertencen ó sector servicios. Estas empresas presentaron en 1997 uns ingresos de explotación de 521.297,5 millóns de pesetas e un VEB a custo de factores de 171.409,14 millóns de pesetas, o que significa que o seu peso relativo na mostra de empresas utilizada para o estu-

CADRO 4.4.0.1.

Sector dos servicios 1997: actividades que comprende o grupo

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Turismo e ocio	554	103.239,61	36.196,45	10.908,30	87.933,24	15
Transporte e servicios asociados	1.019	245.031,24	63.128,01	16.830,57	328.999,90	15
Servicios empresariais	397	70.036,72	33.064,20	5.298,22	78.005,95	29
Comunicacións	281	75.481,22	24.396,69	4.027,47	52.787,00	19
Servicios relacionados coa saúde	101	27.508,71	14.623,80	2.618,15	23.052,80	36
Total	2.352	521.297,50	171.409,14	39.682,70	570.778,87	19
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	21,13%	10,96%	18,09%	15,49%	16,28%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.0.2.

Sector dos servicios 1996-97: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1996	1997	97/96
A Coruña	44.488,85	49.316,42	10,85
Vigo	33.743,07	40.110,82	18,87
Santiago	12.244,76	13.897,82	13,50
Lugo	6.299,90	6.869,41	9,04
Pontevedra	4.909,91	5.835,09	18,84
Ourense	5.640,01	5.727,70	1,55
Ferrol	4.506,20	4.766,44	5,78
Mos	2.770,33	3.235,33	16,79

Fonte: Ardán

dio foi, respectivamente, de 10,96% e de 18,09%.

Desagregando o sector servicios nas diferentes actividades que comprende o grupo, o **cadro 4.4.0.1.** reflicte que as actividades máis importantes son as relacionadas co transporte e servicios asociados, que está composto por 1.019 empresas, cuns ingresos de explotación de 245.031 millóns de pesetas (o 47% dos ingresos totais das empresas de servicios seleccionadas) e un VEB de 63.128 millóns de pesetas (o 36,83% do VEB total). Séguenlle en importancia as actividades relacionadas co turismo e ocio, onde as 554 empresas representan o 19,8% e o 21,1% dos ingresos de explotación e do VEB, respectivamente.

Os principais núcleos de localización atendendo ó valor engadido xerado polas propias empresas, **cadro 4.4.0.2.**, foron A Coruña e Vigo, que xeraron un total de 89.427,24 millóns, o que significa o 52,17% do total xerado polo conxunto de empresas que compoñen a mostra do sector servicios en Galicia.

Respecto á evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.4.0.3.** amosa unha mellora do resultado económico neto de explotación e resultado neto do exercicio. Reflicte, ademais, un crecemento, tanto en termos absolutos como relativos, do valor engadido bruto a custo de factores e do *cash-flow*.

O **cadro 4.4.0.4.** reflicte a evolución

CADRO 4.4.0.3.
**Evolución da actividade no sector dos servizos 1996-97:
ingresos, custos e resultados**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	471.484,73	100,00	521.297,50	100,00	10,57
Consumo e outros gastos de explotación	319.222,22	67,71	349.888,37	67,12	9,61
Valor engadido bruto a custo dos factores	152.262,51	32,29	171.409,14	32,88	12,57
Gastos de persoal	107.162,73	22,73	120.361,28	23,09	12,32
Resultado económico bruto da explotación	45.099,78	9,57	51.047,85	9,79	13,19
Amortizacións	18.485,84	3,92	22.959,06	4,40	24,20
Resultado económico neto da explotación	26.613,94	5,64	28.088,79	5,39	5,54
Carga financeira	9.766,37	2,07	8.579,96	1,65	-12,15
Resultado de actividades ordinarias	16.847,57	3,57	19.508,82	3,74	15,80
Resultado de actividades extraordinarias	1.223,19	0,26	4.739,04	0,91	287,43
Resultado antes de impostos	18.070,76	3,83	24.247,86	4,65	34,18
Impostos	6.074,28	1,29	7.524,23	1,44	23,87
Resultado neto do exercicio	11.996,48	2,54	16.723,64	3,21	39,40
Cash-flow	30.482,32	6,47	39.682,70	7,61	30,18

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.0.4.
**Evolución do investimento e do financiamento
no sector dos servizos 1996-97**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	502.636,15	100,00	570.778,87	100,00	13,56
Activo fixo (neto)	344.688,58	68,58	377.271,89	66,10	9,45
Gastos amortizables	6.956,80	1,38	5.399,55	0,95	-22,38
Inmobilizado inmaterial	22.179,20	4,41	28.563,17	5,00	28,78
Inmobilizado material	277.969,97	55,30	296.926,29	52,02	6,82
Outro inmovilizado	36.200,47	7,20	44.553,67	7,81	23,07
Outro activo fixo	1.382,14	0,27	1.829,22	0,32	32,35
Circulante neto	157.947,57	31,42	193.506,98	33,90	22,51
Existencias	21.397,27	4,26	24.642,17	4,32	15,17
Debedores	92.321,66	18,37	104.983,00	18,39	13,71
Tesourería	23.620,68	4,70	27.558,11	4,83	16,67
Outro activo circulante	20.607,97	4,10	36.323,70	6,36	76,26
Fontes de financiamento	502.636,15	100,00	570.778,87	100,00	13,56
Financiamento permanente	358.048,45	71,23	397.688,69	69,67	11,07
Fondos propios	184.751,14	36,76	203.490,77	35,65	10,14
Recursos alleos l/p	163.503,68	32,53	183.962,33	32,23	12,51
Ingresos distribuídos en varios exercicios	9.793,63	1,95	10.235,59	1,79	4,51
Acreedores a curto prazo	144.587,70	28,77	173.090,18	30,33	19,71
Fondo de rotación	13.359,87	2,66	20.416,80	3,58	52,82

Fonte: Ardán

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega
1996	8,06%	8,45%	33,72%	25,06%	23,21%	17,25%	3,54%	3,30%	1,23%	1,37%	4,20%	2,86%
1997	8,94%	10,30%	33,85%	24,44%	22,40%	16,55%	3,88%	3,38%	1,04%	1,15%	5,12%	3,16%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega	Empresado sector	Empresagalega
1996	7,81%	6,76%	3,84%	3,57%	1,85	1,82	14,47%	13,40%	4,03%	3,78%	1,91	2,49
1997	8,27%	6,96%	4,24%	3,66%	1,89	1,88	17,14%	15,23%	3,71%	3,37%	1,85	2,46

Fonte: Ardán

do investimento e do financiamento do activo total. O activo fixo neto das empresas consideradas representa o 66,1% do activo total no último ano. O inmovilizado material redúcese lixeiramente en termos relativos de 1996 a 1997 sendo do 52,02% neste último ano.

Case un 70% do recursos financeiros proven do financiamento permanente, onde os fondos propios representan o 35,65% dos recursos totais e os recursos alleos a longo prazo significan o 32,23% dos mesmos.

Finalmente, o **cadro 4.4.0.5.** reflicte o estudio económico e financeiro. Atendendo ós indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos, salienta-la aceleración no crecemento dos ingresos, e a redución do peso relativo dos gastos de persoal e da carga financeira. No que á rendibilidade e magnitudes asociadas se refire, no período 1996-97 aumenta a rendibilidade económica por mor da evolución positiva da marxe e da rotación de activos, o que implica, xunto coa redución do custo da débeda, unha mellora da rendibilidade financeira antes de impostos. O apalancamento financeiro (rendibilidade económica – custo da débeda) tamén se incrementa.

4.4.1.- Comercio

O subsector comercio continuou coa reforma do Plan Marco de Modernización do Comercio Interior, en aras a unha mellor asignación dos recursos, de forma que se obteña unha mellora nos seus obxectivos, consecuencia dunha mellor xestión.

Trala reforma, o plan mantén a división entre os Programas Generales (Formación, información e difusión de innova-

ción), que son os directamente realizados pola Dirección General de Comercio Interior e que ten un ámbito de aplicación nacional, e Programas Específicos (pretenden fomentar unha axeitada e equilibrada distribución da oferta comercial), que se executan mediante convenios de colaboración coas comunidades autónomas e cidades autónomas.

Os programas específicos lévanse a cabo en colaboración coas comunidades autónomas, mediante convenios de colaboración firmados consistentes no cofinanciamento por parte do Ministerio de Economía y Hacienda. Este cofinanciamento está determinado por uns coeficientes de asignación, recollidos no **cadro 4.4.1.1.**, que están calculados a partir duns criterios obxectivos baseados na poboación de dereito das comunidades, no número de locais comerciais estimados no Directorio Central de Empresas (Dirce), número de empresas comerciais estimadas no Dirce, número de locais de alimentación estimados no Dirce, número de parados de máis de tres anos do sector comercio segundo os datos da EPA, e poboación activa do sector comercio segundo a EPA.

Como recolle o devandito **cadro 4.4.1.1.**, Galicia ten un coeficiente de 7,20369%, o que supón unha cantidade asignada de 78,99 millóns de pesetas para o ano 1998.

As cantidades realmente transferidas ás comunidades dos fondos territorializados do Plan Marco de Modernización do Comercio Interior están recollidas no **cadro 4.4.1.2.**, xunto coa aportación das comunidades autónomas e o investimento do sector que beneficiouse destas axudas. Galicia presenta en 1998 un investimento inducido total de 760,84 millóns de pesetas (un 51,1% máis que no ano anterior,

CADRO 4.4.1.1.

**Plan Marco de Modernización do Comercio Interior 1998:
coeficientes de asignación e cantidades resultantes dos
programas específicos**

	<u>Coeficiente relativo</u> (%)	<u>Cantidade asignada</u> (en pesetas)
Andalucía	19,07807	209.191.035
Aragón	3,01450	33.053.993
Asturias	2,89389	31.731.504
Baleares	2,07562	22.759.173
Canarias	4,56028	50.003.470
Cantabria	1,18318	12.973.569
Castela- A Mancha	3,85392	42.258.233
Castela e León	6,29262	68.998.578
Cataluña	16,97120	186.089.208
Estremadura	2,63648	28.909.003
Galicia	7,20369	78.988.461
Madrid	13,47181	147.718.397
Murcia	3,23444	35.465.635
Rioxa	0,64226	7.042.381
C. Valenciana	12,25175	134.340.439
Ceuta	0,34099	3.738.955
Melilla	0,29530	3.237.966
Total	100,00	1.096.500.000

Fonte: Dirección General de Comercio Interior

que foi de 503,27 millóns), que representa o 2,6% do total investido no conxunto do estado.

O devandito **cadro 4.4.1.2.** reflicte que a cuantía transferida polo ministerio está integramente dirixida ó obxectivo da ordenación do territorio. Pola contra, no caso español, o 44,79% da contía transferida vai á mellora do territorio, un 43,86% á incentiva-la cooperación empresarial e un 11,35% para o comercio independente.

Como punto de partida ó sector do comercio en Galicia, o **cadro 4.4.1.3.** reflicte a situación da oferta comercial na comunidade e a súa evolución respecto ó ano anterior.

Atendendo á **tipoloxía** dos diferentes establecementos, o **cadro 4.4.1.4.** reflicte que Galicia contaba en 1998 con 321 supermercados (299 no ano anterior) cunha superficie total de venda de 210.740 metros cadrados. A superficie media dos

supermercados aumentou en relación ó ano anterior, pasando de 637 metros cadrados en 1997 ós 657 do ano 1998. Comparado co total estatal, Galicia representa o 6,16% da superficie de venda e acolle o 7,72% dos establecementos, sendo a súa superficie media moi inferior á estatal, que foi de 822 metros cadrados en 1998.

O número de hipermercados en 1998 foi de 13 (o 4,87% do total estatal) que presentaban unha superficie de venda de 91.055 metros cadrados, o que indica unha superficie media de 7.004 metros cadrados, fronte ós 7.427 metros cadrados do ano anterior. Comparado co total estatal, Galicia presenta unha superficie media de venda inferior, xa que en España ésta foi de 8.010 metros cadrados.

Finalmente, o número de centros comerciais en Galicia ascendeu a 19 (representa o 5,2% do total español), cunha superficie bruta alugable ou superficie comercial útil de 222.665 metros cadrados

CADRO 4.4.1.2. Plan Marco de Modernización del Comercio Interior: cantidades transferidas ás CC.AA. 1998

(en pesetas)

	Subvención dada pola C.A.	Cuantía a transferir en total a cada C.A.				Total investimento inducido
		Total	Cooperación empresarial	Ordenación do territorio	Comercio independente	
Andalucía	1.025.898.000	209.114.200	32.579.200	176.535.000		1.958.573.000
Aragón	171.382.018	33.053.992	7.221.438	9.889.357	15.943.197	1.520.491.750
Asturias	177.943.000	31.731.504	15.920.000	15.811.504		524.426.138
Baleares	802.238.330	22.759.173	20.646.040	2.113.133		2.490.011.206
Canarias	698.263.159	50.003.470			50.003.470	2.231.115.390
Cantabria	158.638.325	12.973.569	7.785.541	5.188.028		547.933.960
Castela- A Mancha	577.079.841	42.258.233			42.258.233	2.999.731.300
Castela e León	808.457.694	68.998.578		68.998.578		3.761.862.335
Cataluña	529.283.465	181.060.193	112.894.400	67.416.000	749.793	3.313.336.792
Estremadura	137.389.765	28.909.003	28.909.003			148.399.216
Galicia	336.196.340	78.988.461		78.988.461		760.844.974
Madrid	433.001.209	147.718.398	130.738.537	8.699.813	8.280.048	3.455.555.974
Murcia	115.724.287	35.465.635	16.153.413	19.312.222		170.644.808
Rioxa	48.891.904	7.042.381	3.873.918		3.168.463	490.539.093
C. Valenciana	892.035.784	134.340.439	100.913.288	33.427.151		3.980.989.110
Ceuta	139.512.577	3.738.955	750.000	1.500.000	1.488.955	591.787.347
Melilla	13.761.356	3.237.966	323.796	971.390	1.942.780	160.913.363
Total	7.065.697.054	1.091.394.150	478.708.574	488.850.637	123.834.939	29.107.155.756
%		100,00	43,86	44,79	11,35	

Fonte: Dirección General de Comercio Interior

CADRO 4.4.1.3. Establecimientos comerciais en Galicia e España 1997-98

	Galicia		España		G/E (%)	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998
Supermercados (1)						
superficie de venda	190.425	210.740	3.198.865	3.417.484	6,0	6,2
número	299	321	3.941	4.159	7,6	7,7
Hipermercados (2)						
superficie de venda	81.698	91.055	1.929.555	2.138.764	4,2	4,3
número	11	13	248	267	4,4	4,9
Centros comerciais (3)						
número	7	19	345	364	2,0	5,2
locais	717	763	19.632	20.053	3,7	3,8
superficie bruta	206.021	222.665	4.777.223	5.399.521	4,3	4,1
Locais maioristas						
número	13.383	13.912	205.645	209.741	6,5	6,6
Establec. comerciais minoristas						
número	35.101	34.937	598.441	590.190	5,9	5,9
superficie total	3.365.098	3.379.311	5.549.490	55.496.054	60,6	6,1
superficie media de venda	96	97	91	94		
Franquicias						
Enseñas	11	8	491	570	2,2	1,4

(1) datos a 1 de maio de cada ano

(2) datos a 1 de outubro de cada ano

(3) datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Dirección General de Comercio Interior

CADRO 4.4.1.4. Supermercados, hipermercados e centros comerciais nas CC.AA. 1998

	Supermercados (1)		Hipermercados (2)		Centros comerciais (3)		
	superficie venda (en m ²)	establecimientos	superficie venda (en m ²)	establecimientos	Centros	Superficie bruta (en m ²)	Locais
Andalucía	647.265	769	439.748	59	52	905.542	2.984
Aragón	115.477	132	60.449	5	9	211.693	625
Asturias	140.348	217	52.706	5	9	141.539	545
Baleares	125.213	141	45.555	6	7	97.708	260
C. Valenciana	477.754	516	239.338	28	30	579.243	1.446
Canarias	48.460	52	104.300	13	22	284.161	1.752
Cantabria	51.461	71	36.238	5	5	69.313	237
Castela- A Mancha	127.058	150	53.174	9	14	131.980	560
Castela e Leon	225.474	315	115.549	14	20	234.176	706
Cataluña	497.141	604	295.379	46	45	688.473	2.610
Ceuta-Melilla	4.035	5	4.500	1	-	-	-
Extremadura	82.238	105	50.535	7	7	78.054	173
Galicia	210.740	321	91.055	13	19	222.665	763
Madrid	298.387	320	354.379	33	97	1.316.595	6.230
Murcia	79.646	99	54.913	6	8	102.411	321
Navarra	37.039	46	21.664	3	2	32.576	51
País Vasco	221.930	266	108.382	13	16	303.392	790
Rioxa	27.818	30	10.900	1	2	21.200	13
Total	3.417.484	4.159	2.138.764	267	364	5.420.721	20.066

(1) datos a 1 de maio

(2) datos a 1 de outubro

(3) datos a 31 de decembro

Fonte: Dirección General de Comercio Interior e Asociación Española de Centros Comerciais

Locais maioristas nas CC.AA. 1998: distribución por subsectores

CADRO 4.4.1.5.

	Total	Intermediarios de comercio	Materia prima agraria-alimentación	Consumo duradero	Productos non agrarios semielaborados	Maquinaria e equipamento	Outro comercio	Sen clasificar
Andalucía	28.693	7.077	9.634	4.055	3.182	2.653	157	1.935
Aragón	6.978	1.754	1.698	1.092	820	914	44	656
Asturias	5.040	1.368	1.363	672	806	537	20	274
Baleares	4.482	1.148	1.287	931	478	389	24	225
C. Valenciana	24.544	6.368	5.987	5.197	3.299	2.354	146	1.193
Canarias	8.775	1.541	3.205	2.077	608	808	81	455
Cantabria	2.274	603	722	307	296	172	9	165
Castela-A Mancha	7.492	1.494	2.524	885	1.151	682	24	732
Castela e León	11.145	2.182	3.786	1.274	1.512	1.063	49	1.279
Cataluña	43.185	12.096	7.484	10.310	5.003	5.695	337	2.260
Ceuta-Melilla	893	125	260	282	111	23	27	65
Extremadura	4.338	850	1.559	476	635	364	18	436
Galicia	13.912	2.481	4.732	1.917	2.445	1.449	57	831
Madrid	25.453	6.024	3.921	7.319	2.754	4.035	294	1.106
Murcia	6.236	1.603	2.217	792	705	540	26	353
Navarra	2.897	621	1.015	395	515	279	26	46
Pais Vasco	11.662	4.315	2.302	1.494	1.898	1.320	248	85
Rioxa	1.742	528	526	240	195	151	8	94
Total	209.741	52.178	54.222	39.715	26.413	23.428	1.595	12.190

Fonte: Dirección General de Comercio Interior

CADRO 4.4.1.6.

Empresas maioristas nas CC.AA. 1998: distribución segundo o sistema de venda empregado

(%)

	Sistema tradicional	Cash and Carry	Outros	Ns/Nc
Andalucía	82,8	12,8	3,3	2,1
Aragón	96,9	2,8	-	1,1
Asturias	96,5	1,3	-	2,3
Baleares	89,6	27,5	-	-
C. Valenciana	91,6	17,2	3,1	-
Canarias	97,5	5,0	5,1	2,5
Cantabria	90,8	27,9	-	-
Castela-A Mancha	86,0	16,7	7,3	-
Castela e León	78,6	20,8	3,0	1,0
Cataluña	92,7	15,5	7,2	0,9
Extremadura	93,1	5,8	4,4	-
Galicia	97,2	13,5	2,0	-
Madrid	96,0	4,9	0,4	2,3
Murcia	81,7	13,0	11,9	-
Navarra	100,0	5,7	7,9	-
País Vasco	96,6	3,4	-	1,5
Rioxa	96,9	3,9	1,7	-
Media ponderada	92,1	12,1	2,1	1,1

Fonte: Dirección General de Comercio Interior

(4,1%). O número de locais comerciais ascendeu a 763, o 3,8% do total estatal.

• **Comercio maiorista-** Atendendo ó Directorio Central de Empresas, o **cadro 4.4.1.5.** reflicte que catro comunidades (Cataluña, Andalucía, Madrid e C. Valenciana) agrupan o 58% do total de locais maioristas, acollendo Galicia o 6,6% do total de locais de España (un total de 13.912 locais). Comparado co ano anterior, o número de locais comerciais de maioristas ascendeu un 4,0%, fronte ó crecemento do 1,9% experimentado polo conxunto do estado.

Comparado co ano anterior, do **cadro 4.4.1.5.** dedúcese que Galicia non só presenta un crecemento superior no que ó número de locais maioristas considerados no seu conxunto se refire, senón que tódolos subsectores, excepto os de outro comercio e os de sen clasificar, presentan unha evolución máis positiva que a experimentado polo conxunto do estado.

tores, o devandito cadro reflicte que son as materias primas agrarias-alimentación, con 4.732 locais (34,0%), as que constitúen o núcleo principal de locais maioristas, seguidas dos produtos non agrarios semielaborados, con 2.445 locais (17,6%), e de intermediarios de comercio, con 2.418 locais (17,4%).

Respecto á comercialización, **cadro 4.4.1.6.**, a meirande parte dos comercios maioristas (97,2%) serve os seus pedidos mediante o sistema tradicional, é dicir, mediante a entrega persoal no establecemento propio ou a domicilio, en tanto que un 13,5% das empresas maioristas empregan o sistema de *cash and carry* para realiza-las súas vendas.

• **Comercio minorista-** O número de comercios minoristas galegos para o ano 1998 estimouse en 34.937 (é dicir, o 5,9% dos establecementos minoristas de España), **cadro 4.4.1.7.**, o que representa que en Galicia existen 12,36 establecementos minoristas por cada 1.000 habitantes, fronte ós 14,57 establecementos no conxunto do estado.

CADRO 4.4.1.7.
Establecementos comerciais minoristas nas CC.AA. 1998

	Establecementos			Superficie total			Superficie media de venda (en m2)
	número	%	Ratio de dotación comercial (1)	superficie absoluta (en m2)	%	m2/hab.	
Andalucía	90.487	15,3	12,36	9.190.982	16,6	1,26	102
Aragón	18.923	3,2	15,70	1.765.817	3,2	1,46	93
Asturias	10.813	1,8	9,66	1.012.435	1,8	0,91	94
Baleares	14.561	2,5	18,48	1.602.761	2,9	2,04	110
C. Valenciana	62.693	10,6	15,56	6.332.519	11,4	1,57	101
Canarias	20.488	3,5	12,55	2.561.874	4,6	1,33	125
Cantabria	6.494	1,1	11,99	601.146	1,1	1,11	93
Castela- A Mancha	23.087	3,9	13,34	1.991.435	3,6	1,15	86
Castela e León	34.131	5,8	13,22	3.246.705	5,9	1,25	95
Cataluña	108.401	18,4	17,40	9.241.002	16,7	1,48	85
Ceuta e Melilla	1.888	0,3	13,60	158.652	0,3	1,15	84
Extremadura	16.310	2,8	14,83	1.711.410	3,1	1,55	105
Galicia	34.937	5,9	12,36	3.379.311	6,1	1,20	97
Madrid	87.181	14,8	16,82	7.479.656	13,5	1,43	86
Murcia	13.873	2,4	12,50	1.417.988	2,6	1,28	102
Navarra	7.878	1,3	14,69	899.268	1,6	1,67	114
País Vasco	34.088	5,8	15,99	2.580.969	4,7	1,21	76
Rioxa	3.957	0,7	14,75	322.124	0,6	1,19	81
Total	590.190	100,0	14,57	55.496.054	100,0	1,37	94

(1) establecementos/1.000 habitantes

Fonte: Dirección General de Comercio Interior

Como se pode apreciar, ó igual que acontece no caso do comercio maiorista, catro comunidades autónomas (Cataluña, Andalucía, Madrid e C. Valenciana) acollen o 59,1% do censo de establecementos, en tanto que as outras trece comunidades acollen ó 40,9% restante.

O comercio minorista galego presenta unha superficie media de venda de 97 metros cadrados por establecemento, que é superior á existente en España (94 metros cadrados) tal e como se recolle no **cadro 4.4.1.7.** Comparada coas outras comunidades, Galicia é a oitava comunidade con maior superficie media por establecemento minorista.

Aplicando as superficies medias obtidas á estimación do número de establecementos minoristas, obtense que o conxunto da estrutura comercial galega ten unha sala de venda en torno ós 3.379.311 metros cadrados (é a quinta comunidade con maior superficie comer-

cial minorista). Despréndese deste dato que o ratio de superficie comercial en Galicia é de 1,20 metros cadrados por habitante, fronte ós 1,37 metros cadrados por habitante de España.

Finalmente, a partir dos datos obtidos do IAE, o **cadro 4.4.1.8.** recolle o número e a tipoloxía das actividades comerciais que compoñen o sector minorista. A diferenza existente entre estes datos e os amosados no **cadro 4.4.1.7.** explícase polas duplicidades que responden ós casos en que se declara máis dunha actividade.

Segundo os datos do IAE, o número de actividades comerciais minoristas ascendeu un 4,2% respecto ó ano anterior para situarse en 1998 nas 53.315 actividades comerciais. Desagregando estas actividades por provincias, obsérvase cómo A Coruña acolle un maior número de actividades, con 22.242 (o 41,7% do total de actividade de Galicia), seguida de Pontevedra, con 16.707 actividades (31,3%).

CADRO 4.4.1.8.

Equipamento comercial minorista nas CC.AA. a 31-12-1997 : distribución por grupos de actividade

	Alimentación		Actividades comerciales non alimentación							Total	total/1000 hab.	Grandes almacéns	Hiper- mercados	Almacenes populares	Comercio ambulante e mercadillos	Outros	Total grandes superficies e outros	Total gr. sup. e out./ 1000 hab.	Total actividades comerciais/	Total activ. comerciais/ 1000 hab.
	Total	total/1000 hab.	Vestido e calzado	Fogar	Resto	Total	total/1000 hab.	Grandes almacéns	Hiper- mercados											
Andalucía	50.975	7,06	18.830	17.491	34.484	70.805	9,81	20	73	375	3.271	7.692	11.431	1,58	133.211	18,46				
Aragón	11.774	9,91	3.377	2.892	7.044	13.303	11,20	12	12	146	431	2.066	2.667	2,25	27.744	23,36				
Asturias	8.274	7,60	3.181	2.387	5.403	10.971	10,08	2	6	310	574	1.518	2.410	2,21	21.655	19,90				
Baleares	5.679	7,47	3.667	3.111	5.736	12.514	16,46	3	15	24	583	618	1.243	1,63	19.436	25,56				
Canarias	10.538	6,66	5.516	5.170	9.793	20.479	12,75	4	18	21	2.445	3.053	5.541	3,45	36.588	22,76				
Cantabria	5.216	9,89	1.518	1.329	2.865	5.712	10,83	4	7	57	379	691	1.138	2,16	12.066	22,88				
Castela e León	20.063	8,00	6.276	5.829	13.716	25.821	10,29	7	15	139	1.081	4.284	5.526	2,20	51.410	20,49				
Castela - A Mancha	13.639	7,96	4.136	5.105	9.790	19.031	11,11	3	9	129	886	3.322	4.349	2,54	37.019	21,62				
Cataluña	57.606	9,46	22.805	17.301	40.968	81.074	13,31	17	68	365	3.419	4.873	8.742	1,44	147.422	24,21				
C. Valenciana	34.732	8,66	11.559	10.482	24.084	46.125	11,50	11	50	143	2.812	3.737	6.753	1,68	87.610	21,85				
Extremadura	9.099	8,50	2.586	2.402	5.291	10.279	9,60	2	6	57	303	2.863	3.231	3,02	22.609	21,13				
Galicia	18.234	6,65	8.538	6.551	18.056	30.145	10,99	3	20	87	2.312	2.514	4.936	1,80	53.315	19,44				
A Coruña	7.513	6,77	3.710	2.766	6.482	12.958	11,67	1	9	26	983	752	1.771	1,60	22.242	20,03				
Lugo	2.248	6,07	1.230	981	2.208	4.419	11,93	-	1	7	200	552	760	2,05	7.427	20,06				
Ourense	2.478	7,14	1.145	806	1.790	3.741	10,78	-	2	19	268	431	720	2,08	6.939	20,00				
Pontevedra	5.995	6,55	2.453	1.998	4.576	9.027	9,86	2	8	35	861	779	1.685	1,84	16.707	18,26				
Madrid	28.328	5,64	12.867	11.921	26.129	50.917	10,14	14	53	219	2.183	2.222	4.691	0,93	83.936	16,71				
Murcia	7.890	7,19	2.947	2.484	6.073	11.504	10,48	4	7	28	722	1.020	1.781	1,62	21.175	19,30				
Navarra	5.683	10,94	1.666	1.254	3.781	6.701	12,87	2	3	17	743	77	842	1,62	13.236	25,43				
País Vasco	17.205	8,20	7.187	5.963	11.560	24.310	11,59	8	25	115	2.054	504	2.706	1,29	44.221	21,08				
Riixa	2.469	9,32	991	825	1.605	3.421	12,91	1	2	16	70	331	420	1,59	6.310	23,82				
Ceuta	642	9,33	323	202	369	894	12,99	-	-	2	11	157	170	2,47	1.706	24,80				
Melilla	704	11,82	287	187	424	898	15,07	-	1	-	39	163	203	3,41	1.805	30,30				
Total	308.805	7,79	118.247	102.486	224.171	444.904	11,22	117	390	2.250	24.318	41.705	68.780	1,73	822.489	20,74				

Fonte: Asociación Española de Centros Comerciales

CADRO 4.4.1.9.

Enseñas de franquicias nas CC.AA. 1996-98 (1)

	1996		1997		1998	
	enseñas	C.A./total	enseñas	C.A./total	enseñas	C.A./total
Andalucía	21	5,43	28	5,70	29	5,09
Aragón	18	4,65	17	3,46	22	3,86
Asturias	4	1,03	7	1,43	9	1,58
Baleares	4	1,03	5	1,02	8	1,40
Canarias	-	-	2	0,41	4	0,70
Cantabria	2	0,52	3	0,61	4	0,70
Castela- A Mancha	-	-	-	-	-	-
Castela e León	7	1,81	11	2,24	17	2,98
Cataluña	109	28,17	159	32,38	184	32,28
Extremadura	-	-	1	0,20	1	0,18
Galicia	7	1,81	11	2,24	8	1,40
Madrid	160	41,34	184	37,47	212	37,19
Murcia	2	0,52	3	0,61	3	0,53
Navarra	5	1,29	5	1,02	6	1,05
País Vasco	12	3,10	18	3,67	20	3,51
C. Valenciana	36	9,30	37	7,54	43	7,54
Total	387	100,00	491	100,00	570	100,00

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
 Fonte: Dirección General de Comercio Interior e Barbadillo y Asociados

CADRO 4.4.1.10.

Establecementos franquiciados nas CC.AA. 1998: porcentaxes sobre o total

Andalucía	10,24
Aragón	2,86
Asturias	1,99
Baleares	3,13
Canarias	4,42
Cantabria	1,90
Castela- A Mancha	2,14
Castela e León	3,87
Cataluña	31,69
C. Valenciana	8,92
Extremadura	1,33
Galicia	3,46
Madrid	14,92
Murcia	2,03
Navarra	1,14
País Vasco	5,23
Rioxa	0,73
Total	100,00

Fonte: Dirección General de Comercio Interior

• **Franquicias.-** En relación ás tendas que funcionan en réxime de franquicia, este é un sector moi dinámico, como o amosa o feito de que en España, o número de enseñas de franquicias aumentara un 47,3% desde o 1 de xaneiro de 1996 ata o 1 de xaneiro de 1998, tal e como reflicte o **cadro 4.4.1.9.**

O devandito cadro amosa que, atendendo á orixe das centrais franquiciadoras, as comunidades autónomas que maior número delas concentran son Madrid e

Cataluña, co 37,2% e o 32,3% das enseñas, respectivamente. Reflicte unha gran polarización espacial das empresas franquiciadoras, estando o centro de gravidade da economía española entorno á capital española, cun destacado desprazamento hacia a zona do Mediterráneo, en detrimento das rexións atlánticas e interiores.

Galicia non experimenta o devandito dinamismo do sector e, como reflicte o **cadro 4.4.1.9.**, o número de enseñas de franquicias pasa de 7 en 1996 a 8 enseñas

CADRO 4.4.2.1.

Oferta turística 1997-98

	1997			1998		
	número	habitacións	prazas	número	habitacións	prazas
Hoteis	396	16.570	29.861	415	17.166	30.920
Hostais	621	9.901	16.812	616	9.958	16.897
Pensións, fondas e casas de hóspedes	1.186	8.438	14.278	1.066	7.871	12.708
Campings	101		30.722	108		32.310
Apartamentos	28	370	1.538	31	385	1.635
Establecementos de turismo rural	198	1.028	2.029	220		2.281
Paradores	9	639	1.212	9	626	1.210
Balnearios	14	652	1.212	13	640	1.199
	número		prazas	número		prazas
Restaurantes	4.205		273.866	4.676		279.072
Cafeterías	1.340		88.573	1.374		90.972

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Dirección Xeral de Turismo

en 1998. En termos relativos, Galicia acolle ó 1,4% das enseñas españolas (o 1,8% en 1996 e o 2,2% en 1997), co que é a novena comunidade co maior número das mesmas.

A localización dos establecementos franquiciados está menos polarizada que a amosada anteriormente no caso da distribución das enseñas. O **cadro 4.4.1.10.** reflicte unha clara primacía de Cataluña (31,69%) que duplica a proporción correspondente a Madrid (14,92%) e triplica a de Andalucía (10,24%). Galicia, co 3,46% do total dos franquiciados, é a oitava comunidade en canto á porcentaxe de franquiciados, por detrás das xa mencionadas e de C. Valenciana, País Vasco e Canarias.

4.4.2.- Turismo e ocio

A descrición das principais características do subsector turístico galego está feita a partir dos datos presentados polo IGE, o INE, a Dirección Xeral de Turismo, os Presupostos Xerais da Xunta e Ardán.

O subsector do turismo e ocio é un sector heteroxéneo que englobaría, entre outras actividades, as axencias de viaxes; restaurantes, bares e cafeterías; hoteis e hospedaxe; actividades cinematográficas; actividades artísticas e de espectáculos; máquinas tragacartos e recreativas; e servizos persoais.

O **cadro 4.4.2.1.** recolle un resumo da situación da oferta turística de Galicia, que, en 1998, estaba composta por 415 hoteis, 616 hostais, 108 campings, 31 apartamentos, 1.066 pensións, fondas e casas de hospedaxe, 4.676 restaurantes e 1.374 cafeterías.

Unha característica salientable deste subsector é o importante grao de estacionalidade: o grao de ocupación hoteleira no mes de agosto é do 73,60%, mentres que no mes de xaneiro rexistra unha ocupación de 20,06%. Para o conxunto de España, o grao de ocupación en agosto chega ó 85,0%, en tanto que no mes de xaneiro acadada o 44,9%.

Ademais, constátase unha clara concentración do turismo na zona costeira de

CADRO 4.4.2.2.

Hotéis, hostais, pensións e fondas 1998: número e habitacións e prazas ofertadas

	Total			A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra		
	Núm.	Habitac.	Prazas	Núm.	Habitac.	Prazas	Núm.	Habitac.	Prazas	Núm.	Habitac.	Prazas	Núm.	Habitac.	Prazas
Hotéis	415	17.166	30.920	79	4.810	8.540	59	1.889	3.413	38	1.268	2.180	239	9.199	16.787
5 estrelas	3	415	789	2	217	412	-	-	-	-	-	-	1	198	377
4 estrelas	27	2.857	5.431	9	1.204	2.267	3	263	523	3	274	491	12	1.116	2.150
3 estrelas	79	4.454	8.290	20	1.570	2.992	9	370	700	7	243	389	43	2.271	4.229
2 estrelas	115	4.239	7.401	21	869	1.494	13	405	721	7	191	301	74	2.774	4.885
1 estrela	191	5.201	9.009	27	950	1.375	34	851	1.469	21	560	1.019	109	2.840	5.146
Hostais	616	9.958	16.897	244	4.171	7.074	87	1.367	2.304	81	1.256	2.163	204	3.164	5.356
3 estrelas	5	162	243	3	141	206	-	-	-	-	-	-	2	21	37
2 estrelas	203	3.681	6.319	101	1.955	3.390	27	450	754	16	260	455	59	1.016	1.720
1 estrela	408	6.115	10.335	140	2.075	3.478	60	917	1.550	65	996	1.708	143	2.127	3.599
Pensións, fondas e casas de hóspedes	1.066	7.871	12.708	405	3.090	4.650	198	1.411	2.296	92	682	1.218	371	2.688	4.544
Pensións	41	294	536	18	121	251	19	147	242	1	6	12	3	20	31
Fondas e casas de hóspedes	1.025	7.577	12.172	387	2.969	4.399	179	1.264	2.054	91	676	1.206	368	2.668	4.513
Total	2.097	34.995	60.525	728	12.071	20.264	344	4.667	8.013	211	3.206	5.561	814	15.051	26.687

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

CADRO 4.4.2.3.

Campings e apartamentos 1998: número e prazas e habitacións ofertadas

	Campings				Apartamentos					Total	
	Luxo	Primeira	Segunda	Terceira	Total	4 chaves	3 chaves	2 chaves	1 chave		Total
A Coruña	Número	8	12	27	47	-	1	2	7	10	57
	Prazas	3.968	4.591	4.097	12.656	-	64	104	239	407	13.063
	Habitacións	-	-	-	-	-	16	42	76	76	134
Lugo	Número	-	6	6	12	-	-	1	1	2	14
	Prazas	-	1.739	1.181	2.920	-	-	36	10	46	3.107
	Habitacións	-	-	-	-	-	-	-	-	-	46
Ourense	Número	-	2	2	6	-	1	2	-	3	9
	Prazas	-	538	231	389	-	118	149	-	267	1.425
	Habitacións	-	-	-	-	-	31	17	-	48	48
Pontevedra	Número	-	13	23	7	-	2	6	8	16	59
	Prazas	-	8.692	5.012	1.872	-	146	199	429	774	16.350
	Habitacións	-	-	-	-	-	42	40	75	157	157
Total	Número	-	23	43	42	-	4	11	16	31	139
	Prazas	-	13.198	11.573	7.539	-	328	590	717	1.635	33.945
	Habitacións	-	-	-	-	-	89	135	161	385	385

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

CADRO 4.4.2.4.

Restaurantes e cafeterías 1998: número e prazas

	Total		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Número	Prazas	Número	Prazas	Número	Prazas	Número	Prazas	Número	Prazas
Restaurantes	5 garfos	4.676	279.072	119.354	713	38.746	432	32.534	1.834	88.438
	4 garfos	1	200	200	-	-	-	-	-	-
	3 garfos	1	66	66	-	-	-	-	-	-
	2 garfos	9	1.602	1.318	-	-	-	-	-	-
	1 garfo	857	77.612	35.727	136	10.329	80	11.368	255	20.198
Cafeterías	3 cuncas	3.808	199.592	82.043	577	28.417	352	21.176	1.575	67.956
	2 cuncas	1.374	90.972	33.684	213	15.168	85	5.014	572	37.106
	1 cunca	6	966	676	-	-	-	-	-	-
		31	3.215	417	2	184	3	184	21	2.430
		1.337	86.791	32.591	211	14.984	82	4.830	548	34.386
Total	6.050	370.044	2.201	153.038	926	53.914	517	37.548	2.406	125.544

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

CADRO 4.4.2.5.
Establecimientos de turismo rural 1997-98: prazas ofertadas

	1997	1998				
		Total	Pazos	Casas grandes	Casas de aldea	Casas de labranza
A Coruña	389	574	155	--	271	148
Lugo	590	666	105	10	405	146
Ourense	221	316	100	16	200	--
Pontevedra	483	725	85	29	553	58
Total	1.683	2.281	445	55	1.429	352

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

A Coruña e Pontevedra. Para romper esta concentración xeográfica, nos últimos anos estase a potenciar outro tipo de turismo, como o turismo rural ou os balnearios.

En relación á demanda, o turismo galego é basicamente un turismo estatal. Dos 1,85 millóns de viaxeiros chegados ós establecementos hoteleiros galegos no último ano, o 86,5% son residentes en España, en tanto que o 13,5% restante procede do estranxeiro.

• Indicadores da oferta.- O número de hoteis e hostais que funcionaron en Galicia en 1998 foi de 415 e 616, respectivamente. Entre ámbolos dous tipos de establecementos ofertaban un total de 47.817 prazas, un 2,45% máis que en 1997. Os hoteis dispuñan dunha media de 74,5 prazas por establecemento, en tanto que nos hostais o establecemento medio ascendeu a 27,4. Desagregando o estudio por categorías, Galicia centra a súa oferta nas categorías baixas dos hoteis, de tal xeito que o 73,73% dos hoteis en Galicia son de dous ou unha estrela, e o 66,23% dos hostais son dunha estrela.

Por provincias, Pontevedra oferta o 54,29% do total das prazas hoteleiras e ten o 57,59% dos hoteis de Galicia. No que ós hostais se refire, en A Coruña están o 39,61% dos establecementos deste tipo,

acollendo Pontevedra, o 33,12% dos mesmos. Finalmente, o **cadro 4.4.2.2.** reflicte que en A Coruña están o 38% das pensións, fondas e casas de hospedaxe, concentrándose o 72,79% das mesmas nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

O **cadro 4.4.2.3.** amosa que entre os 108 campings que existen e Galicia, predominan os de segunda e terceira categoría, e que só hai 23 de primeira categoría, e que non hai ningún camping catalogado como de luxo.

No caso dos campings tamén se aprecia a característica da concentración do turismo galego nas provincias de Pontevedra e A Coruña: estas dúas provincias acollen ó 83,33% dos campings galegos.

Como no caso dos campings, en Galicia non existe oferta de apartamentos de máxima categoría. No devandito **cadro 4.4.2.3.** amósase que 27 dos 31 establecementos adicados a apartamentos están encadrados na categoría dunha ou dúas chaves. A provincia de Pontevedra é a que máis apartamentos oferta, non só no total senón tamén en relación ás diferentes categorías.

En canto á situación dos restaurantes e cafeterías, **cadro 4.4.2.4.**, dos 4.676 restaurantes que funcionan en Galicia, 3.808,

CADRO 4.4.2.6.

Balnearios 1997-98: número e habitacións e prazas ofertadas

	1997			1998		
	número	habitacións	prazas	número	habitacións	prazas
A Coruña	3	79	135	1	29	41
Lugo	2	72	141	2	72	141
Ourense	2	54	100	2	54	100
Pontevedra	7	447	836	7	447	836
Total	14	652	1.212	12	602	1.118

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

CADRO 4.4.2.7.

Paradores 1997-98: número e habitacións e prazas ofertadas

	1997			1998		
	número	habitacións	prazas	número	habitacións	prazas
A Coruña	2	175	326	2	174	324
Lugo	2	6	12	2	53	103
Ourense	1	23	45	1	23	45
Pontevedra	4	388	738	4	388	738
Total	9	592	1.121	9	638	1.210

Fonte: Dirección Xeral de Turismo

é dicir, o 81,44% dos mesmos, son dun só garfo, e só existe un de 5 garfos e un de catro, ámbolos dous na provincia de A Coruña. Pola súa banda, das 1.374 cafeterías abertas en Galicia, só un 0,44% son de máxima categoría.

Outras ofertas de turismo e ocio de Galicia son a estación de esquí de Manzaneda, as 4.928 prazas en portos deportivos, os 6 parques naturais e un riquísimo patrimonio histórico cultural que axudan a defini-la oferta turística galega.

Xunto a esta oferta turística analizada, en Galicia hai que destacar tamén o papel que ten a oferta do turismo rural, o turismo nos distintos balnearios ou nos paradores.

As prazas ofertadas polos establecementos de turismo rural galegos neste ano foron 2.281, o que significa un 35,53% máis que en 1997. O maior desenvolve-

mento correspondeu á provincia de Pontevedra, que incrementou o número de prazas nun 50,10% respecto ó ano 1997 ó pasar de 483 a 725 prazas. Os datos sobre esta modalidade turística están recollidos no **cadro 4.4.2.5.**

En relación ó denominado turismo termal, subvencionado pola Xunta con 980,90 millóns de pesetas dentro dun programa plurianual 1997, 1998 e 1999, en Galicia funcionan 12 balnearios, que ofertan 602 habitacións e 1.118 prazas. Destaca a provincia de Pontevedra, con sete balnearios, 836 prazas e 447 habitacións, o que supón o 74,8% das prazas totais e o 74,3% do número total de habitacións (**cadro 4.4.2.6.**).

No concernente ós paradores, **cadro 4.4.2.7.**, en Galicia funcionan 9 destes establecementos, que ofertan 638 habitacións e 1.210 prazas. Desagregando a análise por provincias, Pontevedra oferta o

CADRO 4.4.2.8.
Investimentos de Turgalicia 1998
(en pesetas)

	<u>importe</u>
Gastos de establecimiento	97.566
Inmovilizado inmaterial	21.184.968
Estudios e traballos técnicos	5.397.722
Patentes e marcas	2.211.673
Aplicacións informáticas	13.575.573
Inmovilizado material	61.425.253
Construcións	1.002.240
Utilaxe e fotolitos	47.560
Instalacións eléctricas	772.292
Instalacións para tratamento de fluídos	2.598.468
Instalacións para telecomunicacións	753.906
Instalacións de seguridade	20.880
Outras instalacións	4.978.319
Enseres e equipos de oficina	15.111.140
Mobles	11.346.177
Equipo informático	22.796.271
Elementos de transporte externo	1.998.000
Promoción	595.818.979
Edicións	180.527.483
Campañas publicitarias	158.858.879
Convenios e patrocinios	9.891.000
Feiras	116.459.941
Congresos	2.275.451
Xornadas e presentacións	104.653.632
Viaxes de familiarización	15.963.665
Colaboracións	1.839.980
Axudas para formación	3.066.431
Outras accións de promoción	2.282.517
Total	678.526.756

Fonte: Turgalicia

61% das prazas totais dos paradores galegos.

Cómpre, para completa-la análise da oferta, facer referencia ó sistema de promoción do turismo, que leva a cabo Turgalicia. O presuposto de Turgalicia para 1998 foi de 852,0 millóns de pesetas. O investimento do mesmo recóllese no **cadro 4.4.2.8.** Destacan fundamentalmente as partidas destinadas ás campañas de promoción e outras accións publicitarias de promoción; material promocional, forums e cursos de formación; ferias, presentacións, xornadas, con 595,8 millóns de pesetas, o 87,8% do total.

• Indicadores da demanda.- No ano 1998, tomando como referencia o número de persoas que paran nos establecementos

hoteleiros, **cadro 4.4.2.9.**, chegaron a Galicia 1.852.049 turistas, un 8,43% máis que o ano anterior, sendo este crecemento inferior ó acontecido para o conxunto do estado, que foi do 10,21% respecto ó ano anterior. Dentro deste crecemento global, salienta-lo crecemento da chegada de turistas estranxeiros, que aumentou un 13,9% respecto a 1997.

Os datos do INE reflicten a concentración dos turistas nas provincias de A Coruña e Pontevedra, que acollen o 79,7% dos viaxeiros chegados, fronte ó 79,3% do ano anterior. A Coruña é a provincia que experimenta un maior crecemento, cun 11,1% máis viaxeiros que o ano anterior, crecemento que ven explicado tanto polo aumento dos residentes en España (10,99%) como pola suba dos turistas

CADRO 4.4.2.9.

Viaxeiros, pernactacións e estadia media en establecementos hoteleiros 1997-98

	1997						Estadia media
	Viaxeiros			Pernactacións			
	Totais	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	Totais	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	
A Coruña	697.244	572.825	124.419	1.412.339	1.195.836	216.503	2,03
Lugo	227.293	215.385	11.908	366.653	351.759	14.894	1,61
Ourense	127.060	121.298	5.762	197.574	190.522	7.052	1,55
Pontevedra	656.394	579.068	77.326	1.828.703	1.662.726	165.977	2,79
Total	1.707.991	1.488.576	219.415	3.805.269	3.400.843	404.426	1,99
España	41.597.180	23.347.442	18.249.738	166.733.310	61.298.203	105.435.107	4,01
G/E (%)	4,11	6,38	1,20	2,28	5,55	0,38	

	1998 (1)						Estadia media
	Viaxeiros			Pernactacións			
	Totais	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	Totais	Residentes en España	Residentes no estranxeiro	
A Coruña	774.514	635.785	138.729	1.578.343	1.315.852	262.491	2,04
Lugo	241.120	225.224	15.896	387.444	367.787	19.657	1,61
Ourense	135.778	130.551	5.227	217.977	210.089	7.888	1,61
Pontevedra	700.637	610.648	89.989	1.946.052	1.761.279	184.773	2,78
Total	1.852.049	1.602.208	249.841	4.129.816	3.655.007	474.809	2,23
98/97 (%)	8,43	7,63	13,87	8,53	7,47	17,40	
España	45.843.132	25.642.448	20.200.684	178.208.411	66.470.637	111.737.774	3,89
98/97 (%)	10,21	9,83	10,69	6,88	8,44	5,98	
G/E (%)	4,04	6,25	1,24	2,32	5,50	0,42	

(1) datos provisionais
Fonte: INE

estranxeiros (11,50%). En canto á estadia media nos hoteis galegos, situouse nos 2,23 días, lixeiramente superior ó ano anterior, cando fora de 1,99 días. No conxunto do estado a estadia media foi de 3,89 días (inferior á rexistrada o ano anterior, que acadou os 4,01 días).

O grao de ocupación hoteleira en Galicia aumentou en 1998 en 2,25 puntos porcentuais respecto a 1997, ata chegar ó 37,94%. Malia este aumento, a taxa de ocupación media en Galicia está moi lonxe da que se rexistra en España, que é de 61,1%.

O turismo en Galicia, ó igual que en España, caracterízase por unha forte esta-

cionalidade. O grao de ocupación máximo deuse no mes de agosto cun 73,6%, e o mínimo en xaneiro, cun 20,06%. A diferenza entre un e outro aumentou en 1998 respecto a 1997, cando o grao de ocupación en agosto foi de 66,93% e no mes de xaneiro foi de 20,88%, tal e como recolle o **cadro 4.4.2.10**.

Existe unha forte diferenza entre os niveis de ocupación hoteleira en Galicia e en España. Vese no devandito **cadro 4.4.2.10**, cómo o grao de ocupación en Galicia no mes de xaneiro foi do 20,1%, fronte ó 44,9% en España.

O grao de ocupación do mes de agosto foi do 73,6% na comunidade galega,

CADRO 4.4.2.10. Graos de ocupación e estadía media en establecementos hoteleiros 1997-98

	Grao de ocupación						Estadía media	
	Galicia			España			Galicia	España
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total	Valor máximo	Valor mínimo		
1997	36,29	66,93	20,88	59,3	85,9	42,8	1,99	4,01
1998 (1)	37,94	73,60	20,06	61,1	85,0	44,9	2,23	3,89

(1) datos provisionais
 Fonte: IGE, INE

CADRO 4.4.2.11. Viaxeiros e pernотacións en establecementos de turismo rural 1997-98

	1997		1998		98/97	
	Viaxeiros	Pernoct.	Viaxeiros	Pernoct.	Viaxeiros	Pernoct.
A Coruña	16.575	32.733	22.979	45.108	38,64	37,81
Lugo	14.217	26.839	18.224	36.403	28,18	35,63
Ourense	6.338	13.196	8.701	17.264	37,28	30,83
Pontevedra	8.355	19.571	13.043	32.691	56,11	67,04
Total	45.484	92.340	62.947	131.467	38,39	42,37

	1998					
	Pazos		Casas aldea		Casas labranza	
	Viaxeiros	Pernoct.	Viaxeiros	Pernoct.	Viaxeiros	Pernoct.
A Coruña	9.727	17.066	9.224	18.221	4.027	9.821
Lugo	5.798	10.856	10.604	22.467	1.822	3.080
Ourense	4.165	6.843	4.489	10.341	47	80
Pontevedra	2.644	5.033	9.981	26.536	418	1.123
Total	22.335	39.797	34.298	77.566	6.314	14.104

Fonte: IGE

CADRO 4.4.2.12.
Grao de ocupación e estadía media nos establecementos de turismo rural 1997-98

(media anual)

	1997		1998		98/97	
	GO	EM	GO	EM	GO	EM
A Coruña	23,49	1,97	24,75	1,96	5,36	-0,51
Lugo	12,60	1,89	15,48	2,00	22,86	5,82
Ourense	17,44	2,08	18,82	1,98	7,91	-4,81
Pontevedra	11,36	2,34	14,50	2,51	27,64	7,26
Total	15,38	2,03	17,89	2,09	16,32	2,96

	1998					
	Pazos		Casas aldea		Casas labranza	
	GO	EM	GO	EM	GO	EM
A Coruña	34,84	1,75	24,65	1,98	16,54	2,44
Lugo	23,77	1,87	16,53	2,12	5,75	1,69
Ourense	19,70	1,64	18,24	2,30	27,12	1,70
Pontevedra	17,48	1,90	14,67	2,66	7,09	2,68
Total	25,16	1,78	17,34	2,26	10,93	2,23

Fonte: IGE

CADRO 4.4.2.13.

Grao de ocupación e viaxeiros pernoctados nos paradores 1997-98

	Grao de ocupación		Viaxeiros pernoctados	
	1997	1998	1997	1998
Baiona (1)	64,30	61,55	7.271	16.104
Cambados	44,00	46,55	9.361	10.093
Ferrol	61,86	64,25	7.270	7.574
Pontevedra	50,55	56,96	8.311	9.181
Ribadeo (2)	53,93	54,73	5.638	11.835
Santiago	77,19	77,96	35.370	31.566
Tui	56,76	54,38	7.397	7.352
Verín	55,28	55,05	5.936	5.792
Vilalba	72,49	56,77	2.189	882

(1) o Parador de Baiona estivo pechado por obras dende o 1-10-96 ata o 30-6-97

(2) o Parador de Ribadeo estivo pechado por obras dende o 1-1-96 ata o 28-6-97

Fonte: *Paradores de Turismo de España*

fronte ó 85,0% da media estatal. Xunto a estas diferencias importantes, a diverxencia entre os meses de maior e menor ocupación é maior en Galicia que en España.

En canto á demanda do turismo rural, o número de viaxeiros, como amosa o **cadro 4.4.2.11.**, medrou un 38,39% respecto a 1997, pasando de 45.484 neste ano a 62.947 viaxeiros en 1998. A maior parte dos mesmos pernocta nas casas de aldea (34.298 viaxeiros), seguido dos pazos (22.335 viaxeiros). O número de pernoctacións en 1998 foi de 131.467, cun crecemento do 42,37% sobre o ano anterior.

O grao de ocupación nos establecementos de turismo rural medrou en 1998, pasando desde o 15,38% ata o 17,89% en 1998. Este crecemento prodúcese en tódalas provincias, **cadro 4.4.2.12.**, especialmente en Pontevedra e Lugo, cun aumento moi superior ó experimentado nas outras dúas provincias galegas. Por tipos de establecemento, os pazos presentan un grao de ocupación moi superior ás casas de aldea e de labranza. A estadía media en días aumentou en 1998, pasando dos 2,03 días de 1997 ata os 2,09 días en 1998. Por provincias, esta estadía media medrou en Pontevedra e Lugo e decreceu nas provincias de A Coruña e Ourense.

En relación ó grao de ocupación media dos paradores galegos, ésta foi do 58,69% en 1998 e o número de viaxeiros que pernoctaron foi de 100.379, un 13,11% máis que en 1997. A porcentaxe de ocupación acada o 77,96% en Santiago, mentres o segundo é o de Ferrol, cunha ocupación do 64,25% en 1998 (**cadro 4.4.2.13.**)

• *Indicadores empresariais.*- Segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán, o número de empresas relacionadas co subsector turismo e ocio ascende a 554 en 1997, o que supuña o 4,98% do conxunto de empresas seleccionadas. O emprego medio das empresas do subsector, segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 15 traballadores por empresa. Comparado co volume total de empresas consideradas, o VEB xerado polas empresas do subsector de turismo e ocio representa o 3,82% do VEB total, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación é do 2,17% no período 96-97 (**cadro 4.4.2.14.**)

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais núcleos de localización, **cadro 4.4.2.15.**, son A Coruña, en primeiro lugar, seguida de Vigo e Santiago, en segundo e

CADRO 4.4.2.14.
Complexo turismo-ocio 1997: actividades que comprende o grupo

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Axencias de viaxes	48	12.221,65	1.120,49	132,73	3.139,75	6
Distrib. de art. para deporte, recreo e pasatempo	45	13.243,20	1.403,25	253,21	8.505,45	9
Restaurantes, bares e cafeterías	175	16.862,18	6.148,02	1.091,49	9.200,51	15
Hoteis e hospedaxe	105	16.935,52	7.648,55	2.209,49	30.773,08	21
Actividades cinematográficas e de vídeo	24	2.681,88	1.216,67	275,52	2.953,02	13
Actividades artísticas, deportivas e de espectáculo	63	20.141,66	12.722,69	4.117,81	20.416,97	27
Máquinas tragaperras e recreativas	80	19.542,40	5.053,20	2.698,19	11.950,60	9
Servicios pessoais	14	1.611,13	883,57	129,87	993,86	32
Total	554	103.239,61	36.196,45	10.908,30	87.933,24	15
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	4,98%	2,17%	3,82%	4,26%	2,51%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.2.15.
Complexo turismo-ocio 1996-97: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1996	1997	97/96
A Coruña	9.590,56	12.263,82	27,87
Vigo	4.988,80	6.939,92	39,11
Santiago	4.476,15	4.421,56	-1,22
Pontevedra	1.480,95	1.787,99	20,73
Ourense	1.340,87	1.492,13	11,28
Ferrol	889,12	1.002,13	12,71
Lugo	800,79	853,91	6,63
O Grove	534,08	607,20	13,69

Fonte: Ardán

terceiro lugar, que acollen o 65,3% do VEB xerado neste subsector. É importante sinalalo forte crecemento do VEB xerado polas empresas de Vigo (39,11% respecto ó ano anterior) e A Coruña (o 27,87%), que acrecenta a papel destas empresas nestas dúas áreas. Pola contra, Santiago experimenta un descenso do seu VEB nun 1,22% respecto ó ano anterior.

No concernente á evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.4.2.16.** amosa o crecemento do VEB e do *cash-flow*, tanto en termos absolutos como relativos, así como a mellora do resultado económico neto de explotación (un 17,63% respecto ó ano anterior) e

do resultado neto do exercicio (un 63,46%).

Respecto á evolución do investimento e o financiamento, **cadro 4.4.2.17.**, o subsector turismo presenta un claro predominio do financiamento permanente sobre os acreedores a curto prazo. O recurso ó financiamento permanente representa case un 60% dos recursos, sendo o peso dos fondos propios do 40,9% no período 96-97.

Finalmente, no que ó estudio económico e financeiro se refire, **cadro 4.4.2.18.**, os indicadores de nivel de actividade e resultados sobre ingresos de

CADRO 4.4.2.16.

**Evolución da actividade no complexo turismo-ocio 1996-97:
ingresos, custos e resultados**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	90.191,82	100,00	103.239,61	100,00	14,47
Consumo e outros gastos de explotación	59.835,77	66,34	67.043,16	64,94	12,05
Valor engadido bruto a custo dos factores	30.356,05	33,66	36.196,45	35,06	19,24
Gastos de persoal	20.199,94	22,40	22.422,20	21,72	11,00
Resultado económico bruto da explotación	10.156,11	11,26	13.774,25	13,34	35,63
Amortizacións	4.873,02	5,40	7.559,60	7,32	55,13
Resultado económico neto da explotación	5.283,09	5,86	6.214,65	6,02	17,63
Carga financeira	1.574,22	1,75	1.477,35	1,43	-6,15
Resultado de actividades ordinarias	3.708,87	4,11	4.737,30	4,59	27,73
Resultado de actividades extraordinarias	- 60,53	-0,07	529,07	0,51	-974,09
Resultado antes de impostos	3.648,34	4,05	5.266,36	5,10	44,35
Impostos	1.599,71	1,77	1.917,66	1,86	19,88
Resultado neto do exercicio	2.048,64	2,27	3.348,70	3,24	63,46
Cash-flow	6.921,65	7,67	10.908,30	10,57	57,60

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.2.17.

**Evolución do investimento e do financiamento
no complexo turismo-ocio 1996-97**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	74.569,59	100,00	87.933,24	100,00	17,92
Activo fixo (neto)	48.948,10	65,64	56.781,83	64,57	16,00
Gastos amortizables	1.928,73	2,59	1.018,53	1,16	-47,19
Inmobilizado inmaterial	5.125,49	6,87	9.949,59	11,31	94,12
Inmobilizado material	35.593,26	47,73	38.195,26	43,44	7,31
Outro inmovilizado	5.636,04	7,56	7.228,82	8,22	28,26
Outro activo fixo	664,58	0,89	389,63	0,44	-41,37
Circulante neto	25.621,48	34,36	31.151,40	35,43	21,58
Existencias	4.797,50	6,43	6.721,42	7,64	40,10
Debedores	12.906,67	17,31	13.484,88	15,34	4,48
Tesourería	5.306,89	7,12	7.447,44	8,47	40,34
Outro activo circulante	2.610,42	3,50	3.497,67	3,98	33,99
Fontes de financiamento	74.569,59	100,00	87.933,24	100,00	17,92
Financiamento permanente	46.994,50	63,02	52.042,41	59,18	10,74
Fondos propios	31.709,17	42,52	35.988,20	40,93	13,49
Recursos alleos l/p	13.685,20	18,35	14.105,93	16,04	3,07
Ingresos distribuídos en varios exercicios	1.600,13	2,15	1.948,28	2,22	21,76
Acreedores a curto prazo	27.575,09	36,98	35.890,83	40,82	30,16
Fondo de rotación	- 1.953,61	-2,62	- 4.739,42	-5,39	142,60

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.2.18.

Complexo turismo-ocio 1996-97:

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega
1996	7,36%	8,45%	34,01%	25,06%	22,21%	17,25%	4,68%	3,30%	1,31%	1,37%	5,65%	2,86%
1997	8,65%	10,30%	33,98%	24,44%	22,15%	16,55%	4,78%	3,38%	1,00%	1,15%	6,05%	3,16%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega
1996	8,34%	6,76%	4,61%	3,57%	1,99	1,82	13,31%	13,40%	4,47%	3,78%	1,37	2,49
1997	8,12%	6,96%	4,91%	3,66%	2,09	1,88	14,57%	15,23%	4,01%	3,37%	1,33	2,46

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.3.1.

Servicio telefónico nas CC.AA. 1995-96

	Liñas telefónicas en servicio (1)		Densidade do servicio telefónico		Grao de dixitalización na rede de acceso	
	1995	1996	1995	1996	1995	1996
	(en miles)		(en liñas telefónicas/100 habitantes)		(%)	
Andalucía	2.127,9	2.203,4	29,5	30,6	58,6	70,4
Aragón	496,0	506,0	41,9	42,8	49,4	55,0
Asturias	421,4	427,5	39,0	39,6	51,7	60,4
Baleares	360,0	370,5	48,3	49,8	61,3	77,4
Canarias	528,5	553,6	34,2	35,8	61,3	69,5
Cantabria	192,2	196,6	36,6	37,4	52,8	81,0
Castela-A Mancha	581,2	586,6	35,1	35,4	45,9	58,7
Castela e León	948,6	953,1	38,1	38,2	46,9	54,8
Cataluña	2.809,0	2.845,6	46,1	46,7	54,5	65,8
C. Valenciana	1.590,5	1.632,2	40,6	41,6	55,6	65,2
Extremadura	301,4	311,5	28,8	29,7	46,3	64,6
Galicia	920,8	941,2	34,0	34,6	61,0	75,0
Madrid	2.305,4	2.338,3	45,6	46,2	68,4	76,5
Murcia	346,0	358,2	32,1	33,3	48,4	65,2
Navarra	205,1	210,6	39,1	40,1	57,4	69,4
País Vasco	855,8	863,0	41,4	41,8	52,4	59,3
A Rioxa	106,7	114,0	40,6	43,3	57,5	68,0
Total	15.096,5	15.411,9	38,5	39,3	56,7	67,4

(1) non inclúe liñas IBERCOM nin telefonía móbil
Fonte: Ministerio de Fomento

explotación amosan a aceleración no crecemento dos ingresos, a diminución do peso relativo dos gastos de persoal, ou a redución da carga financeira. Asemade, reflicte unha lixeira variación da rendibilidade económica que se mantén en torno ó 8%, superior á rendibilidade experimentada polas empresas galegas no seu conxunto consideradas na mostra. A rendibilidade financeira antes de impostos crece no período, fundamentalmente, por mor da redución do custo da débeda, o que posibilitou a mellora do apalancamento financeiro.

4.4.3.- Comunicacóns

A análise do subsector das comunicacións basearase nos datos facilitados polo Ministerio de Fomento, Correos e Telégrafos, a Consellería de Industria e Comercio e Ardán. Segundo Ardán, o subsector das comunicacións (tratamiento e difusión da información) estaría composto polas actividades de artes gráficas e actividades de

servicios relacionados, edición, papelerías e librerías, radio e televisión, e finalmente, informática, comunicacións e servicios relacionados.

• **Servicio telefónico.- O cadro 4.4.3.1.** reflicte que en 1996 produciuse un crecemento do 2,2% respecto ó ano anterior no que ó número de liñas telefónicas en servicio en Galicia se refire. No ano 1996 había na nosa comunidade un total de 941,2 miles de liñas instaladas que supuñan o 6,1% do total de liñas instaladas en España.

A 31 de decembro de 1996, o grao de dixitalización da rede de acceso en Galicia era do 75% que é superior á media estatal, que é do 67,4%. Comparado coa situación nas outras comunidades autónomas, Galicia é a cuarta comunidade con maior grao de dixitalización por detrás de Cantabria, Baleares e Madrid.

Finalmente, o **cadro 4.4.3.1.** amosa que Galicia ten unha densidade telefónica

CADRO 4.4.3.2.
Correspondencia postal nacida e distribuída nas CC.AA. 1997-98

	Correspondencia nacida			Correspondencia distribuída		
	1997 <i>(en millóns de obxectos)</i>	1998	98/97 <i>(%)</i>	1997 <i>(en millóns de obxectos)</i>	1998	98/97 <i>(%)</i>
Andalucía	312,49	320,35	2,52	610,93	653,37	6,95
Aragón	81,90	81,92	0,02	136,35	141,04	3,44
Asturias	65,43	67,03	2,45	127,88	138,83	8,56
Baleares	64,21	71,86	11,91	85,45	103,44	21,05
Canarias	97,05	91,91	-5,30	174,40	187,04	7,25
Cantabria	29,52	29,25	-0,91	61,79	67,25	8,84
Castela - A Mancha	86,92	87,77	0,98	180,83	191,43	5,86
Castela e León	174,20	172,48	-0,99	308,03	308,21	0,06
Cataluña	796,65	805,01	1,05	856,36	916,33	7,00
C. Valenciana	347,90	361,05	3,78	425,19	456,02	7,25
Estremadura	50,50	56,15	11,19	95,71	112,75	17,80
Galicia	177,98	167,09	-6,12	323,46	322,72	-0,23
Madrid	1.744,86	1.911,39	9,54	997,01	1.040,39	4,35
Murcia	45,24	41,80	-7,60	101,56	110,08	8,39
Navarra	70,61	77,66	9,98	72,36	77,10	6,55
País Vasco	191,89	210,39	9,64	246,58	269,45	9,27
Rioxa	18,71	18,42	-1,55	33,62	35,92	6,84
Ceuta e Melilla	3,35	3,27	-2,39	9,65	10,08	4,46
Total	4.359,41	4.574,80	4,94	4.847,16	5.141,63	6,08
G/E (%)	4,08	3,65		6,67	6,28	

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 4.4.3.3.
Correspondencia postal nacida e distribuída 1997-98

	<i>(en miles de obxectos)</i>	
	Correspondencia nacida	Correspondencia distribuída
A Coruña	82.656,0	139.245,6
Lugo	17.988,6	41.890,6
Ourense	15.176,5	34.008,6
Pontevedra	50.214,6	107.256,0
Total	166.035,8	322.400,9
98/97 (%)	-6,7	-0,3
Total España	4.573.275	5.150.621
G/E (%)	3,6	6,3

Fonte: Correos y Telégrafos

de 34,6 liñas instaladas por cada cen habitantes, moi inferior á media estatal de 1996, que foi de 39,3 liñas por cada cen habitantes. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia é a cuarta comunidade con menor densidade telefónica, por diante de Estremadura, Andalucía e Murcia.

• **O servizo postal.**- En relación ó servizo postal, Galicia rexistra un descenso da correspondencia con orixe na comunidade, en contra do que acontece no resto do estado. A correspondencia

nacida en Galicia descendeu un 6,12% respecto a 1997 ata acadar os 167,09 millóns de obxectos en 1998. Pola contra, en España prodúcese un aumento da correspondencia nacida no país (un 4,94%) a pesares do descenso nas comunidades de Canarias, Cantabria, Castela e León, Galicia, Murcia, A Rioxa e Ceuta e Melilla.

O **cadro 4.4.3.2.** reflicte que o peso da correspondencia nacida en Galicia no total español descendeu para situarse no 3,65%, fronte ó 4,08% en 1997.

CADRO 4.4.3.4.

Implantación da RDSI a 31-12-1998

	accesos básicos instalados en centralitas telefónicas	centralitas telefónicas nas que se instalaron accesos básicos
A Coruña	10.106	195
Lugo	3.088	99
Ourense	3.344	159
Pontevedra	7.392	109
Total	23.930	562

Fonte: Dirección Xeral de Programas Industriais e Infraestructuras Tecnolóxicas

CADRO 4.4.3.5.

Usuarios de Internet ⁽¹⁾ nas CC.AA. 1997-98

	(¹)	
	1997	1998
Andalucía	1,5	2,6
Aragón	2,2	5,8
Asturias	3,4	3,9
Baleares	4,3	5,2
Canarias	1,9	4,7
Cantabria	1,2	4,1
Castela e León	1,6	3,9
Castela-A Mancha	1,7	1,2
Cataluña	4,8	8,2
Comunidade Valenciana	2,8	4,9
Extremadura	1,7	2,9
Galicia	1,6	2,5
Madrid	3,9	5,7
Murcia	1,7	4,0
Navarra	4,0	5,5
País Vasco	2,5	4,5
A Rioxa	4,0	5,0
Total	2,7	4,6

(1) uso nos últimos 30 días

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

Atendendo á desagregación por provincias, o **cadro 4.4.3.3.** amosa que a correspondencia nacida na provincia de A Coruña é moi superior á correspondente ás outras provincias: acolle o 49,8% do total da correspondencia nacida en Galicia, seguida de Pontevedra, co 30,2%.

A correspondencia distribuída, **cadro 4.4.3.2.**, segue a mesma tendencia que a correspondencia nada, xa que descendeu en 1997, ó contrario do que aconteceu no conxunto do estado. Así, mentres que en Galicia descendeu un 0,2% en 1998 respecto a 1997, o crecemento en España foi do 6,1%. O devandito cadro amosa por conseguinte un descenso da importancia relativa da correspondencia distribuída en

Galicia no total español, que pasa dun 6,67% en 1997 ó 6,28% do ano 1998.

Tódalas comunidades autónomas españolas, coa excepción de Galicia, aumentaron a correspondencia distribuída en 1998.

Por provincias, **cadro 4.4.3.3.**, A Coruña é a que máis correspondencia distribuída acolle, co 43,2% do total da correspondencia distribuída en Galicia, seguida de Pontevedra, co 33,3%.

• **Comunicación informática.-** A importancia da Rede Dixital de Servizos Integrados (RDSI) radica en que pretende se-la principal rede transeuropea de trans-

CADRO 4.4.3.6.
Sector das comunicacións 1997: actividades que comprende o grupo

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Artes gráficas e actividades de servicios relac.	78	12.853,25	4.944,07	1.177,41	10.670,88	15
Edición	20	19.791,03	9.167,37	1.604,56	20.734,51	74
Papelerías e librerías	71	21.769,67	2.788,79	437,93	9.117,13	12
Radio e televisión	13	2.520,29	887,57	- 40,80	2.740,38	26
Informática, comunicacións e servicios relac.	99	18.546,98	6.608,89	848,37	9.524,10	15
Total	281	75.481,22	24.396,69	4.027,47	52.787,00	19
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	2,52%	1,59%	2,58%	1,57%	1,51%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.3.7.
Sector das comunicacións 1996-97: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1996	1997	97/96
A Coruña	9.386,07	10.876,44	15,88
Vigo	4.465,51	5.163,30	15,63
Santiago	2.600,01	2.778,80	6,88
Lugo	1.003,13	1.140,40	13,68
San Cibrao das Viñas	660,04	1.021,90	54,82
Pontevedra	665,46	781,50	17,44
Mos	360,76	451,69	25,21
O Porriño	289,61	348,13	20,20

Fonte: Ardán

misión de datos, voz e imaxe. O número de accesos básicos (RDSI) instalados en Galicia en centralitas telefónicas ascendeu a 23.930 en 1998, dos que o 42,2% (10.106 accesos) corresponden á provincia de A Coruña, e un 30,9% (7.392 accesos) á de Pontevedra (**cadro 4.4.3.4.**).

En relación ó número de centralitas telefónicas en que se instalaron accesos básicos (RDSI), **cadro 4.4.3.4.**, en 1998 instaláronse un total de 562, dos que 195 (34,7%) foron instaladas na provincia de A Coruña, seguida da provincia de Ourense con 159 (28,3%). Dentro das centralitas en que se instalaron accesos básicos (RDSI), as da zona rural foron subvencionadas nun 29% do custo da instalación dos accesos básicos por parte da Consellería de Indus-

tria e Comercio mediante un convenio de colaboración coa empresa Telefónica.

O uso da rede internet é aínda baixo en Galicia xa que, ó igual que o ano anterior, está por debaixo da media estatal e é a segunda comunidade que menos usa “a rede”, só por diante, esta vez, de Castela-A Mancha (**cadro 4.4.3.5.**).

• **Indicadores empresariais.-** Segundo o criterio de selección de empresas empregado por Ardán, o número de empresas relacionadas co subsector comunicacións (tratamiento e difusión da información) ascende a 281 empresas en 1997, o que supuña o 2,52% do conxunto de empresas galegas consideradas. O emprego medio das empresas do subsector,

CADRO 4.4.3.8.

**Evolución da actividade no sector das comunicacións 1996-97:
ingresos, custos e resultados**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	66.608,10	100,00	75.481,22	100,00	13,32
Consumo e outros gastos de explotación	45.523,04	68,34	51.084,53	67,68	12,22
Valor engadido bruto a custo dos factores	21.085,07	31,66	24.396,69	32,32	15,71
Gastos de persoal	16.394,74	24,61	17.880,32	23,69	9,06
Resultado económico bruto da explotación	4.690,33	7,04	6.516,37	8,63	38,93
Amortizacións	2.204,30	3,31	2.536,61	3,36	15,08
Resultado económico neto da explotación	2.486,03	3,73	3.979,76	5,27	60,08
Carga financeira	1.570,96	2,36	1.365,48	1,81	-13,08
Resultado de actividades ordinarias	915,07	1,37	2.614,28	3,46	185,69
Resultado de actividades extraordinarias	- 201,22	-0,30	- 351,11	-0,47	-74,49
Resultado antes de impostos	713,85	1,07	2.263,17	3,00	217,04
Impostos	608,26	0,91	772,31	1,02	26,97
Resultado neto do exercicio	105,59	0,16	1.490,86	1,98	1.311,93
Cash-flow	2.309,89	3,47	4.027,47	5,34	74,36

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.3.9.

**Evolución do investimento e do financiamento
no sector das comunicacións 1996-97**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	46.308,37	100,00	52.787,00	100,00	13,99
Activo fixo (neto)	18.933,47	40,89	19.803,51	37,52	4,60
Gastos amortizables	649,47	1,40	388,33	0,74	-40,21
Inmovilizado inmaterial	2.008,05	4,34	1.906,62	3,61	-5,05
Inmovilizado material	14.473,78	31,26	14.965,66	28,35	3,40
Outro inmovilizado	1.721,79	3,72	2.445,17	4,63	42,01
Outro activo fixo	80,37	0,17	97,73	0,19	21,60
Circulante neto	27.374,89	59,11	32.983,49	62,48	20,49
Existencias	6.035,41	13,03	6.304,58	11,94	4,46
Debedores	17.459,45	37,70	21.015,84	39,81	20,37
Tesourería	2.482,21	5,36	2.566,20	4,86	3,38
Outro activo circulante	1.397,83	3,02	3.096,88	5,87	121,55
Fontes de financiamento	46.308,37	100,00	52.787,00	100,00	13,99
Financiamento permanente	22.618,70	48,84	25.985,16	49,23	14,88
Fondos propios	11.856,58	25,60	13.056,40	24,73	10,12
Recursos alleos l/p	8.537,65	18,44	10.584,71	20,05	23,98
Ingresos distribuídos en varios exercicios	2.224,47	4,80	2.344,06	4,44	5,38
Acreedores a curto prazo	23.689,67	51,16	26.801,84	50,77	13,14
Fondo de rotación	3.685,22	7,96	6.181,66	11,71	67,74

Fonte: Ardán

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega
1996	7,56%	8,45%	27,79%	25,06%	20,50%	17,25%	3,06%	3,30%	1,67%	1,37%	2,60%	2,86%
1997	9,97%	10,30%	26,69%	24,44%	20,02%	16,55%	3,46%	3,38%	1,29%	1,15%	3,10%	3,16%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega
1996	6,64%	6,76%	3,15%	3,57%	1,77	1,82	11,81%	13,40%	4,38%	3,78%	2,66	2,49
1997	6,82%	6,96%	3,44%	3,66%	1,88	1,88	14,38%	15,23%	3,58%	3,37%	2,70	2,46

Fonte: Ardán

segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 19 traballadores por empresa. Comparado coa selección utilizada para o estudo de empresas galegas, o VEB xerado polas empresas do subsector das comunicacións representa o 2,58% do VEB total, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación é do 1,59% no período 96-97.

Segundo o criterio de selección de empresas de Ardán, a actividade máis importante en canto ó número de empresas se refire é o de informática, comunicacións e servicios relacionados, con 99 empresas, aínda que é a actividade de edición a que xera un maior valor engadido bruto, con 9.167,4 millóns de pesetas, é dicir, o 37,6% do total xerado polas 281 empresas consideradas (**cadro 4.4.3.6.**).

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas empresas, os principais núcleos de localización son A Coruña e Vigo, que acollen o 65,7% do VEB xerado neste subsector (**cadro 4.4.3.7.**).

No concernente á evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.4.3.8.** amosa un crecemento do VEB e do *cash-flow*, tanto en termos absolutos como relativos, así como a mellora do resultado económico neto de explotación (un 60,08% respecto ó ano anterior) e do resultado neto do exercicio (un 1.311,93%).

Respecto á evolución do investimento e o financiamento, **cadro 4.4.3.9.**, o subsector das comunicacións presenta un certo equilibrio entre o financiamento permanente e os acreedores a curto prazo. Así, o recurso ó financiamento permanente representa case un 49,23% dos recursos, e ós acreedores a curto prazo o 50,77%.

Finalmente, no que ó estudio económico e financeiro se refire, os indicadores de nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación, **cadro 4.4.3.10.**, amosan a aceleración no crecemento dos ingresos, unha leve diminución do peso relativo dos gastos de persoal, ou a redución da carga financeira. O mesmo cadro reflicte o crecemento da rendibilidade económica por mor da evolución da marxe e da rotación de activos, aínda que segue a ser inferior á rendibilidade das empresas da mostra considerada no seu conxunto. A rendibilidade financeira antes de impostos crece no período 96-97, debido á mellora da rendibilidade económica e á redución do custo da débeda.

4.4.4.- Transportes

Dentro do subsector transporte vaise considerar tanto os transportes de pasaxeiros como de mercaderías nas diferentes modalidades: estrada, ferrocarril, aéreo e marítimo. A análise farase a partires dos datos presentados polo IGE, o INE, o Ministerio de Fomento, Renfe, as autoridades portuarias, AENA e Ardán.

Un primeiro indicador aproximativo da evolución da demanda de transportes sería a venda de combustibles, que se reflicte no **cadro 4.4.4.1.** O consumo de combustibles en Galicia en 1998 aumentou nun 13,04% respecto ó ano anterior, por mor, fundamentalmente, do crecemento das vendas de gasóleos e outros combustibles. En relación á venda de gasolina auto e gasóleo A, en 1998 aumentou un 6,23% respecto ó ano anterior (o crecemento do gasóleo A foi do 9,59%).

A poboación ocupada no subsector “Transportes e actividades anexas. Comunicacións” en 1998 –**cadro 4.0.4.** (*Poboa-*

CADRO 4.4.4.1.
Vendas de combustibles líquidos 1997-98
Vendas totais
(en miles de tm)

	1997	1998	98/97
Gasolinas	455,0	456,0	0,23
Gasóleos	1.439,1	1.642,0	14,10
Outros combustibles	408,1	504,4	23,59
Total	2.302,2	2.602,5	13,04

Vendas de gasolina auto e gasóleo
(en miles de tm)

	1997	1998	98/97
Gasolina auto	454,9	455,9	0,21
Gasóleo A	812,2	890,1	9,59
Total	1.267,1	1.346,0	6,23

Fonte: IGE

CADRO 4.4.4.2.
Transporte de mercadorías e pasaxeiros 1997-98: datos xerais

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	1997	1998	98/97 (%)	1997	1998	98/97 (%)
Estrada (1) <i>(en miles de Tm.)</i>	50.294	56.681	12,70	59.299	58.260	-1,75
Ferrocarril (2) <i>(en Tm.)</i>	2.783.953	3.014.480	8,28	6.103.729	7.191.047	17,81
Marítimo (3) <i>(en Tm.)</i>	23.458.446	25.081.369	6,92	58.281	81.946	40,60
Aéreo <i>(en Tm.)</i>	8.419.134	7.392.183	-12,20	2.308.618	2.278.451	-1,31

(1) os datos de transporte de pasaxeiros por estrada refírense unicamente ó transporte urbano en autobús

(2) sumados orixe e destino, así como cargas e combinado

(3) tráfico nos portos do Estado

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, Puertos del Estado, Renfe e AENA

ción ocupada por sectores 1997-98: distribución por ramas de actividade)—ascendeu a 46,0 miles de persoas en 1998, fronte ás 47,4 miles de persoas do ano anterior. Comparada coa poboación ocupada no sector servizos, o subsector transportes acolle ó 9,7% da mesma.

Unha primeira aproximación ó subsector transporte está recollida no **cadro 4.4.4.2.**, onde se resumen os datos do transporte de mercadorías e viaxeiros nos diferentes medios de transporte. Como se pode apreciar, o transporte por estrada é o máis importante tanto no caso das mercadorías como no dos pasaxeiros. En segundo lugar sitúase o transporte marítimo no caso das mercadorías e o ferrocarril, no tráfico de pasaxeiros.

• **Transporte por estrada.**— Os datos sobre os medios de transporte por estrada recollidos no **cadro 4.4.4.3.** reflicten un crecemento da matriculación de vehículos do 14,1% en 1998 respecto ó ano anterior para situarse nas 86.570 matriculacións en 1998, fronte ás 75.903 do ano 1997. Este cadro amosa unha renovación importante dos medios de transporte, e especialmente nos autobuses, onde as matriculacións aumentan un 20,6% respecto ó ano anterior, e nas motocicletas, cun incremento do 19,2%.

O número de viaxeiros do transporte urbano en autobús, **cadro 4.4.4.4.**, ascendeu en 1998 a 58.260 miles de usuarios, o que significa o 3,4% do total de pasaxeiros en España. En relación ó ano anterior, o descenso de pasaxeiros en Galicia foi do

CADRO 4.4.4.3.

Matriculacións de vehículos 1997-98

	1997	1998	98/97 (%)
Camións e furgonetas	10.195	11.077	8,7
Autobuses	165	199	20,6
Turismos	63.301	72.763	14,9
Motocicletas	1.530	1.823	19,2
Tractores industriais	712	708	-0,6
Total	75.903	86.570	14,1

Fonte: IGE

CADRO 4.4.4.4.

Transporte urbano: viaxeiros transportados en autobús nas CC.AA. 1997-98

	1997 (en miles de persoas)	1998	98/97 (%)
Andalucía	240.234	238.456	-0,74
Aragón	107.058	104.972	-1,95
Asturias	35.941	35.853	-0,24
Canarias	55.580	55.558	-0,04
Cantabria	19.840	19.514	-1,64
Castela e León	66.773	68.818	3,06
Castela - A Mancha	18.883	18.443	-2,33
Cataluña	278.790	247.420	-11,25
C. Valenciana	149.622	146.763	-1,91
Estremadura	11.759	11.544	-1,83
Galicia	59.299	58.260	-1,75
Madrid	587.289	574.062	-2,25
País Vasco	67.173	66.018	-1,72
Outras	73.717	74.137	0,57
Total	1.771.958	1.719.818	-2,94

Fonte: INE

1,75%, inferior ó experimentado no total estatal, onde o descenso foi do 2,9%.

No concernente ó transporte de mercadorías, o **cadro 4.4.4.5.** reflicte un aumento no número total de toneladas transportadas do 12,7% respecto a 1997, para situarse nas 56.681 miles de toneladas transportadas. Comparado co total de mercadorías cargadas e descargadas en España, o crecemento galego é inferior ó experimentado no conxunto español, que foi do 14,45% respecto ó ano anterior. Comparada coas outras comunidades autónomas, Galicia é a décima comunidade en canto a taxa de crecemento se refire, superando a Madrid, Aragón, País Vasco,

Cataluña, Castela-A Mancha, Navarra e Cantabria.

O devandito cadro amosa a escasa importancia do comercio interrexional en Galicia comparado co resto das comunidades: foi unicamente o 24,6% do total do tráfico galego, en tanto que España esa porcentaxe foi do 26,1% no mesmo período de tempo. En relación ó ano anterior, produciuse un descenso do peso relativo do tráfico interrexional, ó igual que sucedeu en Andalucía, Aragón, Asturias, Castela e León, Madrid, e A Rioxa.

• **O transporte ferroviario.-** O número de viaxeiros nas estacións

CADRO 4.4.4.5.
Transporte por estrada: mercadorías cargadas e descargadas nas CC.AA. 1997-98

		1997	1998	98/97
		<i>(en miles de Tm)</i>		<i>(%)</i>
Andalucía	total	89.890	111.447	23,98
	%interrexional	25,7	24,2	-1,50
Aragón	total	38.006	41.589	9,43
	%interrexional	62,5	59,9	-2,60
Asturias	total	22.194	27.725	24,92
	%interrexional	49,0	40,2	-8,80
Baleares	total	7.994	11.793	47,52
	%interrexional	--	--	--
Canarias	total	11.741	14.954	27,37
	%interrexional	--	--	--
Cantabria	total	16.472	16.303	-1,03
	%interrexional	54,1	67,4	13,30
Castela A Mancha	total	50.916	53.721	5,51
	%interrexional	57,8	58,9	1,10
Castela e León	total	69.763	79.732	14,29
	%interrexional	47,9	44,0	-3,90
Cataluña	total	132.563	141.486	6,73
	%interrexional	28,1	29,0	0,90
Com. Valenciana	total	90.648	110.267	21,64
	%interrexional	37,4	38,8	1,40
Extremadura	total	12.938	15.156	17,14
	%interrexional	48,3	51,0	2,70
Galicia	total	50.294	56.681	12,70
	%interrexional	27,1	24,6	-2,50
Madrid	total	54.850	61.606	12,32
	%interrexional	63,0	62,9	-0,10
Murcia	total	22.087	27.900	26,32
	%interrexional	60,1	61,7	1,60
Navarra	total	24.359	25.462	4,53
	%interrexional	62,1	63,6	1,50
País Vasco	total	60.142	64.209	6,76
	%interrexional	48,9	50,7	1,80
A Rioxa	total	9.585	11.128	16,10
	%interrexional	85,4	81,5	-3,90
Total	total	603.575	690.807	14,45
	%interrexional	26,6	26,1	-0,50

Fonte: *Ministerio de Fomento*

CADRO 4.4.4.6.

Tráfico ferroviario 1998: viaxeiros nas principais estacións

A Coruña	604.459
Santiago	663.792
Ferrol	49.839
Lugo	29.787
Monforte	53.374
Ourense	239.806
Pontevedra	273.175
Vigo	583.185
Vilagarcía de Arousa	296.029
Redondela	50.107
Subtotal	2.239.094
Total estacións galegas	3.244.943
España (1)	409.467
G/E (%)	0,79

(1) os datos de España están en miles de viaxeiros
Fonte: *Ministerio de Fomento e Renfe*

galegas ascendeu a 3.244.943, que representan o 0,79% dos viaxeiros no conxunto das estacións do estado. O **cadro 4.4.4.6.** reflicte a importancia do corredor Vigo-A Coruña, onde as estacións de Vigo, A Coruña e Santiago acollen preto da metade dos viaxeiros en Galicia.

A provincia de Lugo foi a única que sufriu un descenso no número total de viaxeiros, producíndose dito descenso por mor da caída do transporte ferroviario de viaxeiros de longo percorrido e nos rexionais. Na provincia de Ourense, a pesares do crecemento global de viaxeiros, prodúcese un descenso no total de viaxeiros de longo percorrido (**cadro 4.4.4.7.**).

Pola banda dos transportes de mercadorías, **cadro 4.4.4.8.**, en 1998 incrementouse o volume total de mercadorías transportadas nun 8,28% respecto ó ano anterior. Das 3.014,5 miles de toneladas transportadas, o 56,6% tivo o seu destino Galicia (un 5,6% máis que no ano anterior) en tanto que o 43,4% restante tivo a súa orixe en Galicia (un 11,9% máis que en 1997).

As provincias de Lugo e Ourense, ven diminuído o volume total de merca-

dorías transportadas en 1998, un 1,8% e 11,4%, respectivamente. Na provincia de A Coruña, a pesares do crecemento das mercadorías transportadas (3,9%), descende o número de toneladas transportadas que teñen o seu destino na provincia de A Coruña (descende un 2,14%). A provincia de Pontevedra é a que acolle, ó igual que o ano anterior, un maior volume de mercadorías transportadas con 1.476 miles de toneladas, un 21,6% máis que en 1997.

• **O transporte marítimo.-** O tráfico de pasaxeiros nos portos galegos de interese xeral ascendeu a 81.946 persoas en 1998, o que supón o 0,49% do total de pasaxeiros nos portos españois. Como reflicte o **cadro 4.4.4.9.**, os portos de Vigo e A Coruña destacan sobre o resto dos portos galegos.

En relación ó movemento de mercadorías nos portos de interese xeral, **cadro 4.4.4.10.**, o tráfico portuario total en 1998 ascendeu a 25.081 miles de toneladas, un 6,92% superior ó existente no ano anterior. O porto de A Coruña é o que presenta un maior tráfico en canto ó volume de toneladas, con 11.828,8 miles de tonela-

Transporte ferroviario de viaxeiros 1997-98

CADRO 4.4.4.7.

	Longo percorrido		Rexionais		Total	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998
				(%)		(%)
A Coruña						
Orixe	176.025	183.649	1.155.466	1.282.024	1.331.491	1.465.673
Destino	173.182	179.659	1.270.932	1.388.089	1.444.114	1.567.748
Lugo						
Orixe	74.010	72.668	57.677	54.014	131.687	126.682
Destino	76.647	77.234	59.135	55.958	135.782	133.192
Ourense						
Orixe	123.200	121.181	251.235	241.981	374.435	363.162
Destino	123.768	122.928	233.100	929.924	356.868	1.052.852
Pontevedra						
Orixe	150.583	159.878	1.065.465	1.131.271	1.216.048	1.291.149
Destino	151.861	159.211	961.443	1.031.378	1.113.304	1.190.589
Total	523.818	537.376	2.529.843	2.709.290	3.053.661	3.246.666
	525.458	539.032	2.524.610	3.405.349	3.050.068	3.944.381

Fonte: Renfe

Transporte ferroviario de mercadorías 1997-98

CADRO 4.4.4.8.

	Cargas		Transporte combinado		Total	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998
				(%)		(%)
A Coruña						
Orixe	362.000	437.000	129.310	108.717	491.310	545.717
Destino	401.000	383.000	184.867	190.322	585.867	573.322
Lugo						
Orixe	104.000	67.000	127.039	133.888	231.039	200.888
Destino	35.000	12.000	7.069	11.494	42.069	23.494
Ourense						
Orixe	22.000	10.000			22.000	10.000
Destino	198.000	185.000			198.000	185.000
Pontevedra						
Orixe	225.000	313.000	200.253	239.397	425.253	552.397
Destino	691.000	761.000	97.415	162.862	788.415	923.662
Total	713.000	827.000	456.602	482.002	1.169.602	1.309.002
	1.325.000	1.341.000	289.351	364.478	1.614.351	1.705.478

Fonte: Renfe

CADRO 4.4.4.9.

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interés xeral 1997-98

	1997	1998	98/97 (%)
Ferrol-San Cibrao	-	-	-
A Coruña	18.654	41.404	121,96
Marín-Pontevedra	-	-	-
Vigo	36.729	35.160	-4,27
Vilagarcía	2.898	5.382	85,71
Total	58.281	81.946	40,60
Total Portos do Estado	14.972.781	16.687.495	11,45
G/E (%)	0,39	0,49	

Fonte: Puertos del Estado

CADRO 4.4.4.10.

Tráfico total nos portos de interés xeral 1997-98

	1997 (en Tm)	1998	98/97 (%)
Ferrol-San Cibrao	7.325.314	8.052.709	9,93
A Coruña	11.216.384	11.828.777	5,46
Marín-Pontevedra	1.401.922	1.431.096	2,08
Vigo	2.871.776	3.103.260	8,06
Vilagarcía	643.050	665.527	3,50
Total	23.458.446	25.081.369	6,92
Total Portos do Estado	290.296.633	301.817.242	3,97
G/E (%)	8,08	8,31	0,23

Fonte: Puertos del Estado

CADRO 4.4.4.11.

Tráfico de mercadorías nos portos de interés xeral 1997-98

(en Tm)

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998
Ferrol-San Cibrao	704.634	721.125	6.285.152	6.948.446	320.183	354.863
A Coruña	7.575.982	7.762.420	2.611.617	2.688.004	166.370	273.849
Marín-Pontevedra	-	-	730.146	710.436	568.470	637.152
Vigo	46.138	52.402	437.559	469.881	2.194.209	2.442.760
Vilagarcía	129.489	145.059	304.103	317.274	203.655	195.537
Total	8.456.243	8.681.006	10.368.577	11.134.041	3.452.887	3.904.161
Total Portos do Estado	126.283.929	119.335.881	71.578.261	78.798.448	82.062.798	92.232.150
G/E (%)	6,70	7,27	14,49	14,13	4,21	4,23

	Pesca fresca		Avituallamento		Tráfico local	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998
Ferrol-San Cibrao	762	608	14.580	26.950	2	716
A Coruña	50.008	45.451	166.949	177.248	752.377	881.805
Marín-Pontevedra	10.778	9.860	92.528	89.569	-	-
Vigo	79.151	80.855	98.981	254.246	10.884	3.578
Vilagarcía	-	-	5.803	7.657	-	135
Total	140.699	136.774	378.841	555.670	763.263	886.234
Total Portos do Estado	419.946	409.588	7.472.583	8.064.894	2.489.067	2.964.862
G/E (%)	33,50	33,39	5,07	6,89	30,66	29,89

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos facilitados polas *Autoridades Portuarias* e *Puertos del Estado*

das, que representan o 47,16% do total dos portos de interese xeral de Galicia.

Desagregando o estudio atendendo ás diferentes mercadorías, tal e como se recolle no **cadro 4.4.4.11.**, nos portos de interese xeral salienta, en termos absolutos, o transporte de graneis sólidos, que acada os 11.134 miles de toneladas, sendo o porto de Ferrol-San Cibrao o porto máis significativo ó mover o 62,4% desta mercadoría. Destaca tamén o movemento dos graneis líquidos, que ascenden a 8.681 miles de toneladas, sendo o porto de A Coruña o máis importante ó transportalo 89,4% dos mesmos.

En termos relativos, é importante o transporte de pesca fresca, que representa o 33,39% do total do transporte desta mercadoría en España, sendo o porto de Vigo ó máis importante, ó acoller o 59,11% do total de Galicia e o 19,74% do total do tráfico de pesca fresca en España.

Tamén ten un peso relativo importante o tráfico local, que representaría o 28,89% do total dos portos estatais, e donde o porto de A Coruña sobresa de maneira importante ó acolle-lo 99,5% do total dos portos de interese xeral en Galicia e o 29,74% dos portos estatais.

• O transporte aéreo.- A análise do transporte aeroportuario parte da consideración do tráfico de aeronaves nos aeroportos galegos. En 1998 o total de aeronaves foi de 42.124, un 0,12% superior ó do ano anterior, cifra que significou o 3,36% do total de movementos de aeronaves en España. O **cadro 4.4.4.12.** reflicte que o aeroporto de Santiago acolleu o 51,4% do total de aeronaves en Galicia, seguida de Vigo cun 29,2% e o de A Coruña co 20,4%. Este último aeroporto foi o único que experimentou un

crecemento no que ó número de aeronaves se refire.

O 74,64% do total de aeronaves en Galicia corresponde a avións comerciais. En función da regularidade ou non dos voos, o 86% das aeronaves comerciais son regulares.

En 1998 o tráfico de pasaxeiros nos aeroportos galegos, **cadro 4.4.4.13.**, rexistrou unha cifra de 2.278,4 miles de persoas, un 1,31% inferior ó número de viaxeiros do ano anterior. O aeroporto de Santiago, o único que experimentou un descenso de pasaxeiros en 1998 (un 6,86% respecto ó ano anterior), é quen máis tráfico de pasaxeiros presenta ó acoller o 55,12% do total de pasaxeiros en Galicia. Séguelle o aeroporto de Vigo cun 25,61%, e o de A Coruña cun 19,27%.

En relación ó tráfico de mercadorías nos aeroportos galegos, **cadro 4.4.4.14.**, o peso relativo do mesmo no total español é do 1,35%. Ademais deste escaso peso relativo, salienta o descenso rexistrado nos tres aeroportos de Galicia, especialmente no de Vigo, que decreceu un 38,22% respecto ó ano anterior. Do conxunto de mercadorías, o 63,93% son estatais e a maior parte das mesmas son transportadas en voos regulares. Por aeroportos, ó igual que para o caso dos pasaxeiros, o aeroporto de Santiago é quen ten un maior tráfico: acolle ó 78,31% do total do tráfico galego de mercadorías.

• Indicadores empresariais.- Das empresas seleccionadas por Ardán, no período 96-97 un total de 1.019 empresas (o 9,16% do total) adícanse ó subsector dos transportes e servicios asociados. O emprego medio das empresas do subsector, segundo os datos facilitados por elas mesmas, foi de 15 traballadores por

CADRO 4.4.4.12.

Tráfico aéreo 1997-98: aeronaves

	Aeronaves 1997			Aeronaves 97/96 (%)			Aeronaves comerciales			Aeronaves regulares			Aeronaves chárter			Otras		
	1997			97/96 (%)			Totals			Totals			Totals			Totals		
	Nacionales	Internacionales	Totals	Nacionales	Internacionales	Totals	Nacionales	Internacionales	Totals	Nacionales	Internacionales	Totals	Nacionales	Internacionales	Totals	Nacionales	Internacionales	Totals
A Coruña	7.868	4.50	5.775	5.059	716	5.440	4.822	618	335	237	98	2.093						
Santiago	21.841	0,70	18.103	15.022	3.081	15.426	13.708	1.718	2.677	1.314	1.363	3.738						
Vigo	12.366	19,34	7.871	7.030	841	7.273	6.684	589	598	346	252	4.495						
Total	42.075	6,30	31.749	27.111	4.638	28.139	25.214	2.925	3.610	1.897	1.713	10.326						
Total España	1.200.772	10,07	892.771	577.959	314.812	3,2	4,4	0,9										
G/E (%)	3,50																	
1998																		
	Aeronaves 1998			Aeronaves 98/97 (%)			Aeronaves comerciales			Aeronaves regulares			Aeronaves chárter			Otras		
	1998			98/97 (%)			Totals			Totals			Totals			Totals		
	Nacionales	Internacionales	Totals	Nacionales	Internacionales	Totals	Nacionales	Internacionales	Totals	Nacionales	Internacionales	Totals	Nacionales	Internacionales	Totals	Nacionales	Internacionales	Totals
A Coruña	8.612	9,46	5.980	5.483	497	5.715	5.297	418	265	186	79	2.632						
Santiago	21.219	-2,85	17.680	14.690	2.990	14.243	13.049	1.194	3.437	1.641	1.796	3.539						
Vigo	12.293	-0,59	7.783	6.687	1.096	7.077	6.366	711	706	321	385	4.510						
Total	42.124	0,12	31.443	26.860	4.583	27.035	24.712	2.323	4.408	2.148	2.260	10.681						
Total España	1.253.714	4,41	947.329	597.258	350.071	2,9	4,1	0,7										
G/E (%)	3,36	-0,14																

Fonte: AENA

1997

	Pasaxeiros totais		Pasaxeiros comerciais		Pasaxeiros regulares		Pasaxeiros chárter		Pasaxeiros en tránsito		Outros	
	1997	97/96 (%)	Totais		Totais		Totais		Totais			
			Nacionais	Internacionais	Nacionais	Internacionais	Nacionais	Internacionais	Nacionais	Internacionais		
A Coruña	403.754	11,34	397.726	12.055	393.695	384.014	9.681	4.031	1.657	2.374	208	5.820
Santiago	1.348.378	3,84	1.283.457	171.394	1.172.439	1.042.319	130.120	111.078	69.744	41.274	64.780	141
Vigo	566.466	26,12	555.428	29.888	539.594	512.187	27.407	15.834	13.353	2.481	428	630
Total	2.308.618	9,81	2.236.611	213.337	2.105.728	1.938.520	167.208	130.883	84.754	46.129	65.416	6.591
Total España	108.652.463	7,85	74.625.502	43.723.406	30.902.096	2,8	4,4	0,5				
G/E (%)	2,12											

1998

	Pasaxeiros totais		Pasaxeiros comerciais		Pasaxeiros regulares		Pasaxeiros chárter		Pasaxeiros en tránsito		Outros	
	total 1998	98/97 (%)	Totais		Totais		Totais		Totais			
			Nacionais	Internacionais	Nacionais	Internacionais	Nacionais	Internacionais	Nacionais	Internacionais		
A Coruña	439.052	8,74	432.737	5.469	428.869	426.089	2.780	3.868	1.179	2.689	10	6.305
Santiago	1.255.925	-6,86	1.189.977	151.536	1.089.729	979.746	109.983	100.248	58.695	41.553	65.832	116
Vigo	583.474	4,85	582.679	35.424	555.571	524.604	30.967	27.108	22.651	4.457	526	269
Total	2.278.451	-1,31	2.205.393	192.429	2.074.169	1.930.439	143.730	131.224	82.525	48.699	66.388	6.690
Total España	116.369.633	7,10	80.669.899	45.109.390	35.560.509	2,6	4,3	0,4				
G/E (%)	1,96	-0,17										

Fonte: AENVA

CADRO 4.4.4.14.

Tráfico aéreo 1997-98: mercadorías

(en kilos)

1997

	Mercadorías totales 97/96 (%)		Mercadorías regulares		Mercadorías chárter	
	Nacionales	Internacionales	Totals	Nacionales	Internacionales	Totals
A Coruña	603.453	598.475	4.978	594.788	1.034	7.631
Santiago	5.940.386	4.109.882	1.830.504	3.464.684	772.525	1.703.177
Vigo	1.875.295	1.641.272	234.023	1.198.365	73.736	603.194
Total	8.419.134	6.349.629	2.069.505	5.257.837	847.295	2.314.002
Total España	539.792.498	10,19	451.942.436	206.551.841	245.390.595	
G/E (%)	1,55		1,4	2,5	0,3	

1998

	Mercadorías totales 98/97 (%)		Mercadorías regulares		Mercadorías chárter	
	Nacionales	Internacionales	Totals	Nacionales	Internacionales	Totals
A Coruña	444.845	443.821	1.024	441.999	-	2.846
Santiago	5.788.694	3.345.294	2.443.400	2.606.515	892.068	2.290.111
Vigo	1.158.644	936.679	221.965	931.206	64.116	163.322
Total	7.392.183	4.725.794	2.666.389	3.979.720	956.184	2.456.279
Total España	547.966.741	1,51	466.658.080	204.182.885	262.475.195	
G/E (%)	1,35		1,1	1,9	0,4	

Fonte: AEMA

CADRO 4.4.4.15.
**Sector dos transportes e servizos asociados 1997:
actividades que comprende o grupo**

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Transporte de pasaxeiros	113	24.898,24	13.603,14	3.857,66	22.729,88	30
Transporte de mercadorías por estrada	331	61.928,30	18.024,01	5.293,91	40.107,70	13
Transporte marítimo	19	5.507,06	2.586,46	800,70	7.412,03	26
Axentes consignatarios e de aduanas	43	15.607,80	3.249,85	591,55	11.647,26	12
Manipulación e depósito de mercadorías	33	10.347,36	5.168,76	965,65	8.599,36	40
Outras actividades anexas ós transportes	64	28.859,29	5.467,40	1.519,06	201.689,07	17
Estacións de servizo e gasolineras	176	63.824,74	5.162,22	1.237,86	15.898,28	7
Servizos relacionados co automóbil	240	34.058,46	9.866,17	2.564,18	20.916,33	11
Total	1.019	245.031,24	63.128,01	16.830,57	328.999,90	15
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	9,16%	5,15%	6,66%	6,57%	9,39%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.4.16.
**Sector dos transportes e servizos asociados 1996-97: principais
núcleos de localización en base á xeración do VEB**

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1996	1997	97/96
A Coruña	14.979,04	13.148,66	-12,22
Vigo	10.275,80	11.346,78	10,42
Santiago	3.107,90	3.291,96	5,92
Lugo	2.555,90	2.813,03	10,06
Mos	2.271,02	2.631,54	15,87
Ferrol	2.490,76	2.542,48	2,08
Marín	1.925,67	1.981,85	2,92
Pontevedra	1.448,45	1.650,60	13,96

Fonte: Ardán

empresa. Comparado coa selección utilizada para o estudo de empresas galegas, o VEB xerado polas empresas do subsector de transportes e servizos asociados representa o 6,66% do VEB total xerado pola mostra de empresas utilizada, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación foi do 5,15% no período 96-97.

Dentro das actividades que comprende o grupo, **cadro 4.4.4.15.**, as tres actividades máis importantes en canto á xeración do VEB se refire son as actividades de transporte de mercadorías por estrada, as de transporte de pasaxeiros e as de servizos relacionados co automóbil, que xeran un total de 41.493,32 millóns de

pesetas, que representan o 65,7% do VEB total xerado polas empresas consideradas neste subsector.

Atendendo ó VEB a custo de factores xerado polas propias empresas, os principais núcleos de localización son, tal e como recolle o **cadro 4.4.4.16.**, A Coruña e Vigo, que acollen o 38,8% do VEB xerado neste subsector. Non obstante, fronte ó crecemento do 10,42% no VEB das empresas de Vigo, en A Coruña éste se reduce nun 12,22%.

No concernente á evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.4.4.17.** amosa o crecemento do

CADRO 4.4.4.17. Evolución da actividade no sector dos transportes e servizos asociados 1996-97: ingresos, custos e resultados

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	227.965,95	100,00	245.031,24	100,00	7,49
Consumo e outros gastos de explotación	167.226,26	73,36	181.903,24	74,24	8,78
Valor engadido bruto a custo dos factores	60.739,69	26,64	63.128,01	25,76	3,93
Gastos de persoal	38.875,90	17,05	41.838,02	17,07	7,62
Resultado económico bruto da explotación	21.863,80	9,59	21.289,98	8,69	-2,62
Amortizacións	8.608,59	3,78	9.733,17	3,97	13,06
Resultado económico neto da explotación	13.255,21	5,81	11.556,81	4,72	-12,81
Carga financeira	6.058,55	2,66	5.521,05	2,25	-8,87
Resultado de actividades ordinarias	7.196,66	3,16	6.035,76	2,46	-16,13
Resultado de actividades extraordinarias	1.444,74	0,63	4.291,10	1,75	197,02
Resultado antes de impostos	8.641,39	3,79	10.326,86	4,21	19,50
Impostos	2.752,28	1,21	3.229,46	1,32	17,34
Resultado neto do exercicio	5.889,12	2,58	7.097,40	2,90	20,52
Cash-flow	14.497,71	6,36	16.830,57	6,87	16,09

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.4.18. Evolución do investimento e do financiamento no sector dos transportes e servizos asociados 1996-97

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	300.632,07	100,00	328.999,90	100,00	9,44
Activo fixo (neto)	231.794,78	77,10	249.834,48	75,94	7,78
Gastos amortizables	3.394,66	1,13	3.082,33	0,94	-9,20
Inmovilizado inmaterial	11.121,05	3,70	12.605,70	3,83	13,35
Inmovilizado material	206.906,58	68,82	219.840,09	66,82	6,25
Outro inmovilizado	9.956,39	3,31	13.960,27	4,24	40,21
Outro activo fixo	416,11	0,14	346,09	0,11	-16,83
Circulante neto	68.837,30	22,90	79.165,42	24,06	15,00
Existencias	7.319,26	2,43	8.205,57	2,49	12,11
Debedores	39.457,57	13,12	42.607,72	12,95	7,98
Tesourería	10.376,42	3,45	11.359,19	3,45	9,47
Outro activo circulante	11.684,05	3,89	16.992,94	5,17	45,44
Fontes de financiamento	300.632,07	100,00	328.999,90	100,00	9,44
Financiamento permanente	239.780,34	79,76	263.633,97	80,13	9,95
Fondos propios	109.165,76	36,31	113.837,52	34,60	4,28
Recursos alleos l/p	125.576,97	41,77	144.878,48	44,04	15,37
Ingresos distribuidos en varios exercicios	5.037,61	1,68	4.917,98	1,49	-2,37
Acreedores a curto prazo	60.851,73	20,24	65.365,92	19,87	7,42
Fondo de rotación	7.985,56	2,66	13.799,50	4,19	72,81

Fonte: Ardán

Sector dos transportes e servizos asociados 1996-97: estudo económico-financieiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega
1996	9,32%	8,45%	30,93%	25,06%	21,36%	17,25%	2,89%	3,30%	1,23%	1,37%	4,03%	2,86%
1997	7,28%	10,30%	30,79%	24,44%	20,59%	16,55%	3,07%	3,38%	1,11%	1,15%	4,74%	3,16%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega
1996	7,46%	6,76%	3,31%	3,57%	1,86	1,82	13,95%	13,40%	4,17%	3,78%	2,15	2,49
1997	7,75%	6,96%	3,90%	3,66%	1,86	1,88	15,63%	15,23%	3,86%	3,37%	2,11	2,46

Fonte: Ardán

VEB a custo de factores, así como unha caída do seu resultado económico neto de explotación e un aumento do beneficio das empresas considerada. A diferenza do que acontece no conxunto de empresas galegas consideradas, no subsector dos transportes descende o peso do VEB a custo dos factores no total dos ingresos de explotación.

Respecto á evolución do investimento e o financiamento, **cadro 4.4.4.18.**, o subsector transportes e servicios asociados presenta un claro predominio do financiamento permanente sobre os acredores a curto prazo. O recurso ó financiamento permanente representa case un 80% dos recursos, sendo o peso dos recursos alleos a longo prazo do 44,04% no período 96-97.

Finalmente, o **cadro 4.4.4.19.** recolle a análise económica e financeira. Ésta amosa unha desaceleración no crecemento dos ingresos, unha diminución do peso relativo dos gastos de persoal ou unha redución da carga financeira. Respecto á rendibilidade e magnitudes asociadas reflicte un incremento tanto da económica como da financeira. A primeira aumenta por mor da mellora da marxe, dado que a rotación de activos mantén o mesmo valor, e a rendibilidade financeira antes de impostos crece no período porque mellora a rendibilidade económica e se reduce o custo da débeda.

4.4.5.- Servicios a empresas

Os servicios ás empresas son un conxunto de servicios intermedios que sociedades especializadas proponen a outras empresas a fin de incrementa-la súa eficacia, a súa produtividade e a súa competitividade. Seguindo a metodoloxía Ardán, o subsector servicios a empresas está com-

posto polos servicios de limpeza, desinfección e conservación; publicidade; servicios xurídicos de contabilidade, asesoramento e estudos de mercado; servicios técnicos de arquitectura e enxeñería e actividades relacionadas; intermediarios de comercio; e servicios empresariais diversos.

Unha aproximación á poboación ocupada neste subsector pode facerse a partires dos datos recollidos no epígrafe “outros servicios” do **cadro 4.0.4.** (*Poboación ocupada 1997-98: distribución por ramas de actividade*). Do mesmo, despréndese un crecemento da mesma no ano 1998 do 5,44%, situándose a poboación ocupada nas 87.200 persoas que representan o 18,3% do total da ocupación no sector servicios en Galicia. Comparado co total de España, a poboación ocupada en Galicia nos “outros servicios” representa o 10,16% do total do estado, fronte ós 10,43% do ano anterior.

• *Indicadores empresariais.*- Segundo os criterios de selección de empresas da base Ardán, a actividade de servicios empresariais, presentada no **cadro 4.4.5.1.**, está formada por 397 empresas, que supuñan o 3,57% do total de empresas analizadas, cun emprego medio de 29 traballadores por empresa. Comparado co total de empresas galegas seleccionadas, o VEB xerado polas empresas do subsector de servicios empresariais representa o 3,49% do VEB total, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación é do 1,47% no período 96-97.

Vigo e A Coruña son os principais núcleos de localización atendendo ó valor engadido bruto a custo de factores xerado polas empresas. Nestas dúas cidades xeráronse un total de 20.161,11 millóns de pesetas en 1997, un 31,7% máis que o ano

CADRO 4.4.5.1.
Sector dos servizos empresariais 1997: actividades que comprende o grupo

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Servizos de limpeza, desinfección e conservación	53	11.322,68	7.988,34	298,23	11.776,49	94
Publicidade	65	11.093,16	2.192,24	501,97	5.501,51	7
Serv. xuríd., de contab., asesor. e estud. de merc.	76	7.736,61	4.722,97	1.034,96	9.273,86	14
Serv. téc. de arquitectura e enxen. e activ. relac.	81	10.728,65	4.738,54	989,24	11.947,90	13
Intermediarios de comercio	85	16.646,88	4.126,38	1.941,25	34.134,51	11
Servizos empresariais diversos	37	12.508,75	9.295,73	532,57	5.371,68	66
Total	397	70.036,72	33.064,20	5.298,22	78.005,95	29
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	3,57%	1,47%	3,49%	2,07%	2,23%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.5.2.
Sector dos servizos empresariais 1996-97: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1996	1997	97/96
Vigo	7.837,82	10.274,48	31,09
A Coruña	7.469,76	9.886,63	32,36
Sada	1.986,43	2.255,59	13,55
Ourense	1.869,86	1.864,23	-0,30
Santiago	1.001,20	1.289,85	28,83
Lugo	1.101,97	1.267,50	15,02
Pontevedra	502,30	797,52	58,77
O Porriño	755,17	790,58	4,69

Fonte: Ardán

anterior, o que representa o 61% do total do subsector (**cadro 4.4.5.2.**).

No concernente á evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.4.5.3.** amosa o crecemento do VEB e do *cash-flow*, tanto en termos absolutos como relativos, así como a mellora do resultado económico neto de explotación (un 33,82% respecto ó ano anterior) e dos beneficios empresariais (un 49,13%).

Respecto á evolución do investimento e o financiamento, **cadro 4.4.5.4.**, o sector

servizos a empresas presenta un lixeiro predominio do financiamento permanente sobre os acredores a curto prazo.

Finalmente, no que ó estudio económico e financeiro se refire, os indicadores de nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación, **cadro 4.4.5.5.**, amosan a aceleración no crecemento dos ingresos, a diminución do peso relativo dos gastos de persoal, ou a redución da carga financeira. O devandito cadro reflicte o crecemento das rendibilidade económica e financeira antes de impostos. A pri-

**CADRO 4.4.5.3. Evolución da actividade no sector dos servizos empresariais 1996-97:
ingresos, custos e resultados**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	61.986,32	100,00	70.036,72	100,00	12,99
Consumo e outros gastos de explotación	35.253,49	56,87	36.972,53	52,79	4,88
Valor engadido bruto a custo dos factores	26.732,83	43,13	33.064,20	47,21	23,68
Gastos de persoal	22.237,31	35,87	27.322,17	39,01	22,87
Resultado económico bruto da explotación	4.495,52	7,25	5.742,03	8,20	27,73
Amortizacións	1.267,04	2,04	1.421,73	2,03	12,21
Resultado económico neto da explotación	3.228,48	5,21	4.320,30	6,17	33,82
Carga financeira	67,67	0,11	- 283,11	-0,40	-
Resultado de actividades ordinarias	3.160,81	5,10	4.603,41	6,57	45,64
Resultado de actividades extraordinarias	56,27	0,09	366,27	0,52	550,94
Resultado antes de impostos	3.217,08	5,19	4.969,68	7,10	54,48
Impostos	617,76	1,00	1.093,19	1,56	76,96
Resultado neto do exercicio	2.599,32	4,19	3.876,49	5,53	49,13
Cash-flow	3.866,36	6,24	5.298,22	7,56	37,03

Fonte: Ardán

**CADRO 4.4.5.4. Evolución do investimento e do financiamento
no sector dos servizos empresariais 1996-97**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	58.479,01	100,00	78.005,95	100,00	33,39
Activo fixo (neto)	30.471,00	52,11	36.260,00	46,48	19,00
Gastos amortizables	417,95	0,71	535,84	0,69	28,21
Inmovilizado inmaterial	1.933,28	3,31	2.135,82	2,74	10,48
Inmovilizado material	9.675,45	16,55	12.322,23	15,80	27,36
Outro inmovilizado	18.248,99	31,21	20.278,97	26,00	11,12
Outro activo fixo	195,34	0,33	987,14	1,27	405,35
Circulante neto	28.008,01	47,89	41.745,95	53,52	49,05
Existencias	2.683,39	4,59	2.827,50	3,62	5,37
Debedores	16.977,29	29,03	22.518,77	28,87	32,64
Tesourería	3.922,56	6,71	4.319,21	5,54	10,11
Outro activo circulante	4.424,76	7,57	12.080,46	15,49	173,02
Fontes de financiamento	58.479,01	100,00	78.005,95	100,00	33,39
Financiamento permanente	33.066,16	56,54	39.842,04	51,08	20,49
Fondos propios	21.632,55	36,99	29.996,08	38,45	38,66
Recursos alleos l/p	10.675,00	18,25	9.010,99	11,55	-15,59
Ingresos distribuídos en varios exercicios	758,61	1,30	834,97	1,07	10,07
Acreedores a curto prazo	25.412,86	43,46	38.163,91	48,92	50,18
Fondo de rotación	2.595,15	4,44	3.582,04	4,59	38,03

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.5.5.

Sector dos servizos empresariais 1996-97: estudo económico-financeiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega
1996	5,45%	8,45%	47,28%	25,06%	36,47%	17,25%	4,05%	3,30%	0,86%	1,37%	4,06%	2,86%
1997	14,52%	10,30%	50,59%	24,44%	32,75%	16,55%	4,68%	3,38%	0,82%	1,15%	5,00%	3,16%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega
1996	8,01%	6,76%	4,04%	3,57%	1,92	1,82	20,18%	13,40%	2,90%	3,78%	1,82	2,49
1997	9,80%	6,96%	4,50%	3,66%	2,01	1,88	24,46%	15,23%	2,74%	3,37%	1,73	2,46

Fonte: Ardán

meira aumenta por mor do comportamento da marxe e da rotación de activos, e a segunda debido á mellora da rendibilidade económica e a redución do custo da débeda.

4.4.6.- Servicios financeiros

Á hora de analiza-lo sector financeiro galego, partírase da información facilitada polo Banco de España, a Asociación Española de Banca e as caixas de aforros.

Na primeira parte deste apartado coméntase a situación do sistema financeiro galego, analizando tanto a situación das entidades crediticias, como a das outras institucións financeiras, onde se inclúe o estudo das institucións de investimento colectivo, as empresas de seguros e outros instrumentos financeiros como as sociedades de capital risco ou as sociedades de garantía recíproca. Nunha segunda parte farase referencia ós mercados financeiros, onde se pode salientar que en 1998 a capitalización das empresas galegas que cotizan en Bolsa ascendeu a 1.121 miles de millóns de pesetas, un 44,07% superior á correspondente ó ano anterior.

O primeiro aspecto que temos que salientar do sector financeiro é o movemento que se produciu no mesmo en Galicia trala compra dunha parte do Banco Gallego por parte da Caixa de Aforros de Vigo, e os pasos seguidos polas caixas do Sur para a súa fusión en 1999.

• **Entidades crediticias.-** O número de oficinas de entidades de crédito implantadas en Galicia en 1998, **cadro 4.4.6.1.**, ascendeu a 2.495, fronte ás 2.462 do ano anterior, o que supuxo un aumento do 1,3% respecto a 1997, que foi inferior ó experimentado a nivel estatal, onde o

número de oficinas de entidades de crédito creceu un 2,7%. Como consecuencia, a importancia relativa da comunidade respecto ó total estatal no referente ó número de oficinas viuse diminuída: en 1998 foi de 6,46% fronte ó 6,54% do ano anterior. A provincia de Pontevedra experimentou o maior crecemento do número de oficinas bancarias (2,1%), seguida de Ourense (1,4%).

Do total das 2.495 oficinas implantadas en Galicia, o 58,44% corresponden ós bancos, e o 40,20% ás caixas de aforros, en tanto que ás cooperativas de crédito, que só teñen presenza significativa en Lugo, correspóndelles un 1,36%. Comparado co total de España, a importancia relativa das oficinas bancarias no total de oficinas de entidades crediticias en Galicia, é moi superior á que presentan en España, en tanto que no caso das caixas de aforros e das cooperativas dase a situación contraria.

A análise da actividade das entidades de depósito en Galicia baséase no estudo do balance dos bancos e das caixas de aforros, recollidos nos **cadros 4.4.6.2.** e **4.4.6.3.** O primeiro aspecto que salienta é que continúa o freno á recuperación do ritmo de crecemento dos bancos, medido a través do balance total. Éste descende un 1,75% debido en parte ó comportamento das entidades de crédito.

En cambio, se se observa a evolución do balance das caixas de aforros, apréciase un aumento do beneficio respecto ó ano anterior. Caixavigo e, sobre todo, Caixa Ourense, presentan un crecemento deses beneficios superior á media das catro caixas galegas.

Os mellores resultados do período corresponden a Caixa Galicia, que supera as cifras das outras tres caixas tomadas no

CADRO 4.4.6.1.
Oficinas das entidades de depósito 1997-98

	Oficinas			1998		
	1997	1998	98/97 (%)	Bancos	Caixas %/Total	Cooperativas
A Coruña	896	907	1,2	63,29	36,60	--
Lugo	384	384	--	59,64	32,03	8,33
Ourense	427	433	1,4	51,04	48,73	--
Pontevedra	755	771	2,1	56,29	43,71	--
Total	2.462	2.495	1,3	58,44	40,20	1,36
Total España	37.635	38.639	2,7	45,16	45,50	9,34

Fonte: Banco de España

CADRO 4.4.6.2.
Balances resumidos da banca galega 1997-98

	1997	1998	98/97 (%)
	<i>(en millóns de pesetas)</i>		
Activos			
Caixas e bancos centrais	16.506	31.551	91,15
Entidades de crédito	469.135	350.538	-25,28
Carteira de valores (1)	350.016	317.012	-9,43
Investimentos crediticios (neto) (2)	921.639	1.027.873	11,53
Outros activos	80.527	78.601	-2,39
Pasivos			
Entidades de crédito	445.873	323.827	-27,37
Recursos propios (3)	125.352	120.559	-3,82
Recursos alleos (4)	1.202.468	1.281.362	6,56
Outros pasivos	64.130	79.827	24,48
Total balance	1.837.823	1.805.575	-1,75

(1) Inclúe Débedas Estado, obrigas e outros valores de renda fixa, accións e outros títulos de renda variable, participacións e participacións en empresas do grupo

(2) Créditos sobre clientes

(3) Capital subscrito+Primas de emisión+Reservas+Reservas revalorización+Resultados de exercicios anteriores

(4) Débitos a clientes+Débitos representados por valores negociables+Pasivos subordinados

Fonte: Asociación Española de Banca

seu conxunto. Entre estas tres caixas, a máis importante é Caixavigo, aínda que foi Caixa Ourense a que presentou o maior crecemento dos beneficios e do activo total.

A evolución do número de oficinas, cadro de persoal e caixeiros automáticos está reflectida no **cadro 4.4.6.4**. Constátase, por unha banda, un pequeno aumento do número de oficinas no conxunto das caixas galegas, que pasa de 1.023 en 1997 ás 1.041 do ano 1998, e por outra, un descenso do persoal, que descende en tódalas caixas agás na de Vigo.

En canto á evolución dos créditos totais dentro das entidades de depósito,

prodúcese en 1998 un aumento dun 15,19% respecto ó ano anterior na demanda de crédito fronte a un crecemento do 14,21% para a economía española. Os **cadros 4.4.6.5** e **4.4.6.6** amosan o devandito crecemento, reflectindo que a demanda de crédito nos bancos crece un 14,2% respecto ó ano 1997, e nas caixas de aforro, un 16,4%.

O peso da demanda galega no conxunto da economía española aumentou, pasando a demanda de crédito en Galicia do 3,97% do total de créditos demandados en España en 1997, ó 4,01% de 1998.

As provincias de A Coruña e Pontevedra dispuxeron do 81,8% do total dos

CADRO 4.4.6.3.

Resultados das caixas de aforros galegas 1997-98

	Caixa Galicia		
	1997	1998	98/97
	<i>(en millóns de pesetas)</i>		<i>(%)</i>
Activo total	1.882.375	2.038.093	8,27
Recursos alleos (1)	1.273.297	1.395.920	9,63
Créditos	904.707	1.035.486	14,46
Beneficios antes de impostos	24.796	26.050	5,06
Beneficio neto	15.060	16.903	12,24
	Caixavigo		
Activo total	584.830	634.332	8,46
Recursos alleos	436.609	476.870	9,22
Créditos	345.736	390.631	12,99
Beneficios antes de impostos	10.667	--	
Beneficio neto	7.642	9.010	17,90
	Caixa Ourense		
Activo total	255.866	281.369	9,97
Recursos alleos	211.998	217.680	2,68
Créditos	110.823	117.676	6,18
Beneficios antes de impostos	3.093	3.726	20,47
Beneficio neto	2.366	2.864	21,05
	Caixa Pontevedra		
Activo total	202.870	219.164	8,03
Recursos alleos	186.182	200.910	7,91
Créditos	122.920	128.477	4,52
Beneficios antes de impostos	2.188	2.351	7,45
Beneficio neto	1.582	1.810	14,41
	Total		
Activo total	2.925.941	3.172.958	8,44
Recursos alleos	2.108.085	2.291.380	8,69
Créditos	1.484.186	1.672.270	12,67
Beneficios antes de impostos	40.744	--	--
Beneficio neto	26.650	30.587	14,77

(1) débitos a clientes + débitos representados por valores negociables+pasivos subordinados

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos facilitados polas Caixas

CADRO 4.4.6.4.

Oficinas, persoal e caixeiros automáticos das caixas de aforros 1997-98

	1996			1997			1998		
	oficinas	persoal	caixeiros aut.	oficinas	persoal	caixeiros aut.	oficinas	persoal	caixeiros aut.
Caixa Vigo	201	1.155	156	202	1.162	156	211	1.175	172
Caixa Galicia	567	2.994	433	576	3.104	483	580	2.927	--
Caixa Ourense	130	610	65	129	601	67	130	596	68
Caixa Pontevedra	116	599	82	116	591	86	120	588	95
Total	1.014	5.358	736	1.023	5.458	792	1.041	5.286	--

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos facilitados polas Caixas

CADRO 4.4.6.5. Crédito a Administracións Públicas e outros sectores residentes 1997-98 (1)

(en miles de millóns de pesetas)

	1997			1998		
	Bancos	Caixas de aforros	Cooperativas	Bancos	Caixas de aforros	Cooperativas
A Coruña	622	455	--	754	531	--
Lugo	124	113	7	137	129	9
Ourense	116	93	--	126	107	--
Pontevedra	500	399	--	538	467	--
Total	1.362	1.060	7	1.555	1.234	9
Total España	33.975	24.513	2.659	37.905	28.777	3.165
G/E (%)	4,01	4,32	0,26	4,10	4,29	0,28

 (1) datos a 31 de decembro de cada ano
 Fonte: Banco de España

CADRO 4.4.6.6. Crédito a Administracións Públicas e outros sectores residentes 1998 (1) : valor relativo

	Importe		1998		
	1998 (en miles de millóns de pesetas)	98/97 (%)	Bancos	Caixas	Cooperativas
A Coruña	1.285	19,31	58,68	41,32	--
Lugo	275	12,70	49,82	46,91	3,27
Ourense	233	11,48	54,07	45,92	--
Pontevedra	1.005	11,70	53,53	46,47	--
Total	2.798	15,20	55,57	44,10	0,32
Total España	69.836	14,21	54,27	41,18	0,45

 (1) datos a 31 de decembro
 Fonte: Banco de España

CADRO 4.4.6.7. Depósitos de Administracións Públicas e outros sectores residentes nas entidades de depósito 1997-98 (1)

(en miles de millóns de pesetas)

	1997			1998		
	Bancos	Caixas de aforros	Cooperativas	Bancos	Caixas de aforros	Cooperativas
A Coruña	743	698	-	745	780	-
Lugo	262	220	18	260	227	20
Ourense	252	249	-	254	263	0
Pontevedra	425	523	-	444	554	-
Total	1.682	1.690	18	1.703	1.824	20
Total España	31.385	33.337	3.713	30.806	35.193	4.124
G/E (%)	5,36	5,07	0,48	5,53	5,18	0,49

 (1) datos a 31 de decembro de cada ano
 Fonte: Banco de España

CADRO 4.4.6.8. Depósitos de Administracións Públicas e outros sectores residentes nas entidades de depósito 1998 (1) : valor relativo

	Importe		1998		
	1998 (en miles de millóns de pesetas)	98/97 (%)	Bancos	Caixas	Cooperativas
A Coruña	1.525	5,83	48,86	51,15	--
Lugo	506	1,03	51,28	44,77	3,94
Ourense	517	3,19	49,18	50,79	--
Pontevedra	998	5,31	44,52	55,48	--
Total	3.547	4,60	48,01	51,42	0,57
Total España	70.123	2,47	43,93	50,19	5,88

 (1) datos a 31 de decembro
 Fonte: Banco de España

créditos concedidos, xa que son as provincias máis industrializadas e tamén as que teñen maior número de habitantes. Respecto ó ano anterior, A Coruña é a provincia onde máis medra a demanda de crédito, cunha taxa de crecemento do 19,3%, seguida de Lugo, co 12,7%.

No concernente á importancia relativa do crédito nas entidades financeiras galegas en 1998, o **cadro 4.4.6.6.** reflicte que o peso relativo do crédito dos bancos e das caixas de aforros en Galicia é superior ó de España, en tanto que a importancia relativa das cooperativas é inferior. A Coruña presenta un peso relativo do crédito dos bancos superior á media de Galicia e unha importancia relativa inferior no caso das caixas de aforros. Neste último caso, a importancia relativa nas outras tres provincias é superior á media galega.

O volume total de depósitos na comunidade galega medrou en 1998, un aumento superior á media estatal, tal e como reflicten os **cadros 4.4.6.7.** e **4.4.6.8.** Deste xeito, a porcentaxe de participación dos depósitos galegos no total de España viuse incrementada, ó igual que acontecera cos créditos.

Os depósitos galegos significaron en 1998 o 5,06% do volume total español, mentres no ano anterior foron o 4,95%. Este aumento explícase pola importancia relativa dos depósitos das caixas de aforros, que compensan a caída dos depósitos bancarios.

A Coruña e Pontevedra concentraron o 71,12% do total dos depósitos existentes en Galicia en 1998, segundo se aprecia no **cadro 4.4.6.7.** Ourense foi a provincia onde menos creceron, cun 3,2% respecto ó ano anterior, en tanto que en A Coruña o crecemento foi do 5,8%.

Ó igual que no caso dos créditos, o **cadro 4.4.6.8.** amosa que a importancia relativa dos depósitos nos bancos e nas caixas de aforros de Galicia é superior ó existente en España, pero o peso relativo das cooperativas é claramente inferior.

• **Outros intermediarios financeiros.- Sodiga** realizou no exercicio 1998 un investimento de 1.060 millóns de pesetas, un 4,5% menos que o realizado o ano anterior. En comparación co acontecido o ano anterior, redúcese o montante das participacións en empresas, en tanto que aumentan os préstamos concedidos. (**cadro 4.4.6.9.**)

O investimento de Sodiga foi financiado na súa meirande parte con recursos ordinarios, que ascenderon a 810 millóns de pesetas (76,4%), en tanto que cos recursos do Fondo do Financiamento para o Investimento (FFI) financiouse o 23,6% restante (**cadro 4.4.6.10.**).

Finalmente, en relación á distribución sectorial do investimento de Sodiga, o **cadro 4.4.6.11.** reflicte que é o sector de materiais de construción quen máis investimento acolle, seguido do sector servizos e o das telecomunicacións.

Entres as sociedades de intermediación financeira, as **sociedades de garantía recíproca** recibiron en 1998 unha petición de 967 avais, por un importe de 10.179,3 millóns de pesetas, tal e como reflicte o **cadro 4.4.6.12.** Desas peticións, concedéronse un total de 910 avais, por unha cuantía de 9.388,2 millóns, o que significou un 94,10% dos avais solicitados. En conxunto, ata 1998 solicitáronse un total de 5.793 avais, dos que se concederon un 79,53%, é dicir, 4.607, por unha cuantía total de 47.608,0 millóns de pesetas.

CADRO 4.4.6.9.
Investimento financeiro de Sodiga 1997-98
(en millóns de pesetas)

	Participacións	Préstamo	Obrigacións	Investimento
1997	730	380	-	1.110
1998	570	490	-	1.060

Fonte: Sodiga

CADRO 4.4.6.10.
Actividades de investimento de Sodiga 1997-98
(en millóns de pesetas)

	1997			1998		
	Recursos ordinarios	Recursos F.F.I.	Total	Recursos ordinarios	Recursos F.F.I.	Total
Participación en capital	353	377	730	370	200	570
Con compromiso de revaluación	286	-	286	-	-	104
Sen compromiso de revaluación	67	377	444	-	-	466
Préstamos	380	-	380	440	50	490
Investimento executado	733	377	1.110	810	250	1.060

Fonte: Sodiga

CADRO 4.4.6.11.
Investimentos de Sodiga 1997-98: distribución por sectores
(en millóns de pesetas)

	1997	
	Participación	Préstamo
Electrónica	180,0	-
Alimentación	332,1	-
Materiais	30,0	205,0
Enerxía	40,6	-
Plásticos	-	50,0
Mecánica	56,1	50,0
Mobiliario	7,5	-
Equipamentos	50,0	75,0
Servicios	32,8	-
Automóbil	0,9	-

	1998	
	Participación	Préstamo
Servicios médicos	37,0	-
Materiais construcc.	225,0	50,0
Enerxía	47,7	-
Alimentación	0,9	-
Química farmacéutica	75,0	-
Mecánica	124,4	40,0
Metalurxia	10,0	-
Servicios	50,0	200,0
Telecomunicacións	-	200,0

Fonte: Sodiga

CADRO 4.4.6.12. Resultados das sociedades de garantía recíproca 1997 e acumulados ata 1997

1997

	SOGARPO		AFIGAL		Total	
	número	coantía (1)	número	coantía	número	coantía
Avais solicitados	301	3.418.910	455	6.155.612	756	9.574.522
Avais concedidos	268	2.854.024	405	5.378.807	673	8.232.831
Avais formalizados	835	2.474.838	2.886	5.329.958	3.721	7.804.796

Acumulados ata 1997

	SOGARPO		AFIGAL		Total	
	número	coantía	número	coantía	número	coantía
Avais solicitados	2.490	25.178.412	2.336	25.578.688	4.826	50.757.100
Avais concedidos	1.778	17.121.025	1.919	21.098.774	3.697	38.219.799
Avais formalizados	2.731	13.948.373	5.863	16.951.126	8.594	30.899.499
Avais vixentes (risco vivo)	1.031	5.092.356	2.521	7.803.782	3.552	12.896.138

(1) as coantías dos avais están en miles de pesetas
Fonte: CESGAR

CADRO 4.4.6.13. Resultados das sociedades de garantía recíproca 1998 e acumulados ata 1998

1998

	SOGARPO		AFIGAL		Total	
	número	coantía (1)	número	coantía	número	coantía
Avais solicitados	418	4.391.801	549	5.787.549	967	10.179.350
Avais concedidos	375	3.846.217	535	5.541.966	910	9.388.183
Avais formalizados	1.225	3.767.787	3.257	6.115.859	4.482	9.883.646

Acumulados ata 1998

	SOGARPO		AFIGAL		Total	
	número	coantía	número	coantía	número	coantía
Avais solicitados	2.908	29.570.213	2.885	31.366.237	5.793	60.936.450
Avais concedidos	2.153	20.967.242	2.454	26.640.740	4.607	47.607.982
Avais formalizados	3.956	17.716.160	9.120	23.066.985	13.076	40.783.145
Avais vixentes (risco vivo)	1.528	7.223.352	3.027	10.556.015	4.555	17.779.367

(1) as coantías dos avais están en miles de pesetas
Fonte: CESGAR

Aínda que no acumulado histórico o volume de solicitudes é similar nas dúas sociedades consideradas, Sogarpo e Afigal, en 1998 esta última acolle ó 56,8% dos avais solicitados. En termos agregados, a diferenza é máis significativa a favor de Afigal no que a avais concedidos e formalizados se refire.

O sector da construción acapara a meirande parte dos avais concedidos,

como amosa o **cadro 4.4.6.14**. Os seus 2.215 avais, 345 avais máis que en 1997, representan o 48,63% do total. Non obstante, o sector servicios presenta un maior risco vivo, seguido do comercio, mentres que o menor número de avais e o menor risco vivo corresponde ó sector primario.

• **Mercados financeiros.-** Os mercados financeiros poden ser definidos como aqueles lugares, físicos ou non, onde se

CADRO 4.4.6.14. Risco vivo das sociedades de garantía recíproca 1997-98: distribución segundo sectores

1997

	SOGARPO		AFIGAL		Total		Total SGR españolas	
	avais vixentes	coantía (1)	avais vixentes	coantía	avais vixentes	coantía	avais vixentes	coantía
sector primario	30	179.616	30	236.119	60	415.735	580	4.374.284
sector industrial	141	1.508.765	177	1.399.324	318	2.908.089	6.976	69.603.086
construcción	334	686.598	1.536	2.061.485	1.870	2.748.083	12.776	29.259.822
sector servicios	292	1.531.399	456	2.128.001	748	3.659.400	10.700	57.413.700
comercio	234	1.185.978	322	1.978.853	556	3.164.831	4.077	28.568.952
Total	1.031	5.092.356	2.521	7.803.782	3.552	12.896.138	35.109	189.219.844

1998

	SOGARPO		AFIGAL		Total		Total SGR españolas	
	avais vixentes	coantía (1)	avais vixentes	coantía	avais vixentes	coantía	avais vixentes	coantía
sector primario	36	288.346	51	418.422	87	706.768	817	5.801.189
sector industrial	183	1.971.829	246	1.788.288	429	3.760.117	8.111	87.840.323
construcción	549	1.146.738	1.666	2.187.174	2.215	3.333.912	15.071	36.093.893
sector servicios	455	2.279.375	646	3.594.483	1.101	5.873.858	13.036	70.310.153
comercio	305	1.537.064	418	2.567.648	723	4.104.712	5.669	38.598.965
Total	1.528	7.223.352	3.027	10.556.015	4.555	17.779.367	42.704	238.644.523

(1) as coantías dos avais están en miles de pesetas
 Fonte: CEGGAR

CADRO 4.4.6.15. Empresas galegas en bolsa 1998

	Prezo da acción (1)	Capitalización
	(en pesetas)	(en millóns de pesetas)
Adolfo Domínguez	2.859	24.425
Banco de Galicia	2.749	83.680
Banco Pastor	8.900	161.736
Coto Cortés	2.699	9.652
Pescanova	2.060	16.555
Tafisa	1.995	45.507
Unión Fenosa	2.454	747.985
Zeltia	1.040	31.769
Total	—	1.121.309

(1) derradeiro prezo do período
 Fonte: Bolsa de Madrid

realizan as transaccións de instrumentos financeiros. O **cadro 4.4.6.15.** reflicte as 8 empresas galegas que en 1998 cotizaban en Bolsa, despois da saída da mesma de Banco Simeón e de Citroën Hispania.

Como se pode apreciar, o valor de capitalización das empresas galegas que cotizan en Bolsa ascendeu a 1.121 miles de millóns de pesetas, un 44,07% superior ó experimentado o ano anterior. As empresas Unión Fenosa e o Banco Pastor seguen

sendo as empresas con maior capitalización, representando o 81,1% do valor total en 1998, cando en 1997 esa porcentaxe era do 72,17%.

4.4.7.- Servicios non destinados á venda

O subsector de servicios non destinadas á venda comprende as actividades relacionadas cos servicios sociais e comunitarios, como son a sanidade, a educa-

	1997	1998	98/97
	(en miles de pesetas)		(%)
Sanidade	277.629	296.666	6,86
Educación	190.747	197.177	3,37
Outros servizos sociais e comunitarios	58.379	70.611	20,95
Total	526.755	564.454	7,16

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

ción, a administración pública, defensa e seguridade social.

A Xunta de Galicia, nos seus presupostos de 1998, asignou á produción de bens públicos de carácter social un total de 564.454 millóns de pesetas, un 7,2% máis que no ano anterior. A actividade máis importante é a sanidade, á que se adican 296.666 millóns de pesetas (un 6,9% superior ó total do ano 1997), seguida da educación, con 197.177 millóns de pesetas (un 3,4% máis que no ano anterior).

• **Educación.-** O **cadro 4.0.4.** (*Poboación ocupada 1997-98: distribución por ramas de actividade*) reflicte a evolución do emprego no subsector da educación en Galicia. Como se pode apreciar, o número de ocupados neste subsector foi de 50,2 miles de persoas en 1998, fronte ós 46,0 miles de empregados no ano anterior. Comparado coa situación no total español, o peso relativo dos empregados no sistema educativo galego no total estatal aumenta en 1998 respecto a 1997, pasando de representar un 6,2% ó 6,4% en 1998.

En termos relativos, en 1998 o 5,47% da poboación ocupada galega estaba na educación, fronte ó 5,09% do ano anterior. En España tamén se produce este aumento, pasando as porcentaxes do 5,85% de 1997 ó 5,96% de 1998. Tanto en Galicia como en España, aumenta o número de empregados por cada 1.000 habitantes,

pasando de 16,79 a 18,43 ocupados/1.000 habitantes en 1998 en Galicia, e de 18,82 a 19,75 ocupados/1.000 habitantes en España.

• **Sanidade.-** O devandito **cadro 4.0.4.** (*Poboación ocupada 1997-98: distribución por ramas de actividade*) amosa que a poboación ocupada no sector sanitario aumenta en 1998 para situarse nos 40,9 miles de persoas (un 4,46% da poboación ocupada galega), fronte ós 39,6 miles de persoas do ano anterior (un 4,39%). En relación á poboación ocupada a nivel estatal neste subsector, a poboación ocupada galega representa o 5,72% en 1998, fronte ó 5,54% do ano anterior.

O número de empregados por cada 1.000 habitantes aumenta en Galicia, pasando de 14,40 empregados por cada 1.000 habitantes en 1997 ós 15,01 ocupados/1.000 habitantes en 1998. A nivel estatal, o aumento é maior, pasando de 18,01 persoas ocupadas/1.000 habitantes en 1997 ós 19,75 ocupados/1.000 habitantes de 1998.

• **Indicadores empresariais.-** Segundo o criterio de selección empregado por Ardán, a análise da actividade dos servizos relacionados coa saúde –hospitais e residencias, servizos funerarios e outros servizos–, presentada no **cadro 4.4.7.2.**, se centra nun total de 101 empresas, que supúñan o 0,91% do total de empresas

CADRO 4.4.7.2.
Servicios relacionados coa saúde 1997: actividades que comprende o grupo

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Hospitais e residencias	21	16.166,34	8.896,64	982,46	12.493,46	132
Servicios funerarios	22	3.129,82	1.410,27	580,85	3.228,89	13
Outros servicios	58	8.212,54	4.316,89	1.054,83	7.330,45	17
Total	101	27.508,71	14.623,80	2.618,15	23.052,80	36
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	0,91%	0,58%	1,54%	1,02%	0,66%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.7.3.
Sector dos servicios relacionados coa saúde 1996-97: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1996	1997	97/96
Vigo	6.175,15	6.386,34	3,42
A Coruña	3.063,43	3.140,87	2,53
Santiago	1.059,51	2.115,65	99,68
Pontevedra	812,74	817,48	0,58
Lugo	838,11	794,57	-5,20
Ourense	505,52	466,15	-7,79
Ferrol	186,83	205,83	10,17
Vilagarcía de Arousa	183,36	173,78	-5,22

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.7.4.
Evolución da actividade no sector dos servicios relacionados coa saúde 1996-97: ingresos, custos e resultados

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	24.732,53	100,00	27.508,71	100,00	11,22
Consumo e outros gastos de explotación	11.383,66	46,03	12.884,91	46,84	13,19
Valor engadido bruto a custo dos factores	13.348,87	53,97	14.623,80	53,16	9,55
Gastos de persoal	9.454,84	38,23	10.898,57	39,62	15,27
Resultado económico bruto da explotación	3.894,03	15,74	3.725,22	13,54	-4,33
Amortizacións	1.532,89	6,20	1.707,96	6,21	11,42
Resultado económico neto da explotación	2.361,14	9,55	2.017,27	7,33	-14,56
Carga financeira	494,97	2,00	499,18	1,81	0,85
Resultado de actividades ordinarias	1.866,17	7,55	1.518,09	5,52	-18,65
Resultado de actividades extraordinarias	- 16,07	-0,06	- 96,29	-0,35	-499,28
Resultado antes de impostos	1.850,10	7,48	1.421,79	5,17	-23,15
Impostos	496,28	2,01	511,61	1,86	3,09
Resultado neto do exercicio	1.353,82	5,47	910,19	3,31	-32,77
Cash-flow	2.886,72	11,67	2.618,15	9,52	-9,30

Fonte: Ardán

CADRO 4.4.7.5.

Evolución do investimento e do financiamento no sector dos servizos relacionados coa saúde 1996-97

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	22.647,12	100,00	23.052,80	100,00	1,79
Activo fixo (neto)	14.541,22	64,21	14.592,08	63,30	0,35
Gastos amortizables	565,99	2,50	374,50	1,62	-33,83
Inmovilizado inmaterial	1.991,34	8,79	1.965,45	8,53	-1,30
Inmovilizado material	11.320,90	49,99	11.603,05	50,33	2,49
Outro inmovilizado	637,26	2,81	640,44	2,78	0,50
Outro activo fixo	25,74	0,11	8,64	0,04	-66,46
Circulante neto	8.105,89	35,79	8.460,72	36,70	4,38
Existencias	561,72	2,48	583,11	2,53	3,81
Debedores	5.520,68	24,38	5.355,79	23,23	-2,99
Tesourería	1.532,60	6,77	1.866,08	8,09	21,76
Outro activo circulante	490,90	2,17	655,75	2,84	33,58
Fontes de financiamento	22.647,12	100,00	23.052,80	100,00	1,79
Financiamento permanente	15.588,76	68,83	16.185,11	70,21	3,83
Fondos propios	10.387,09	45,86	10.612,58	46,04	2,17
Recursos alleos l/p	5.028,87	22,21	5.382,23	23,35	7,03
Ingresos distribuídos en varios exercicios	172,80	0,76	190,30	0,83	10,13
Acreeedores a curto prazo	7.058,36	31,17	6.867,69	29,79	-2,70
Fondo de rotación	1.047,54	4,63	1.593,03	6,91	52,07

Fonte: Ardán

analizadas, cun emprego medio de 36 traballadores por empresa. Comparado co total de empresas galegas seleccionadas, o VEB xerado polas empresas deste subsector de servizos representa o 1,54% do VEB total, en tanto que o peso relativo dos ingresos de explotación é do 0,58% no ano 1997.

Vigo e A Coruña son os principais núcleos de localización atendendo ó valor engadido bruto a custo de factores xerado polas empresas. Nestas dúas cidades xeráronse un total de 9.527,21 millóns de pesetas en 1997, un 3,1% máis que o ano anterior, o que representa o 65,1% do total do subsector (**cadro 4.4.7.3.**).

No concernente á evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, o

cadro 4.4.7.4. amosa o crecemento do VEB en termos absolutos (9,55% respecto ó ano anterior), descendendo en termos relativos ó representar o 53,16% en 1997, fronte ó 53,97% do ano anterior. Refléctese tamén o descenso do *cash-flow* (tanto en termos absolutos como en termos dos ingresos de explotación) así como a caída do resultado económico neto de explotación (un 14,56% respecto ó ano anterior) e dos beneficios empresariais (un 32,77%).

Respecto á evolución do investimento e o financiamento, **cadro 4.4.7.5.**, o sector servizos relacionados coa saúde presenta uns activos totais de 23.052 millóns de pesetas, un 1,8% máis que no ano anterior, sendo financiado na súa maior parte polo financiamento permanente, representando o 70,2% do financia-

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos Ingresos		V.E.B.c.f. / Ingresos		Gastos persoal / Ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / Ingresos		Carga financeira / Ingresos		Cash-flow / Ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1996	11,25%	8,45%	47,12%	25,06%	28,39%	17,25%	9,00%	3,30%	1,41%	1,37%	11,31%	2,86%
1997	8,56%	10,30%	48,10%	24,44%	29,67%	16,55%	7,60%	3,38%	1,27%	1,15%	11,22%	3,16%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1996	14,15%	6,76%	9,00%	3,57%	1,48	1,82	26,88%	13,40%	4,96%	3,78%	1,05	2,49
1997	12,48%	6,96%	8,48%	3,66%	1,52	1,88	24,47%	15,23%	4,46%	3,37%	1,05	2,46

Fonte: Ardán

mento total. Dentro deste, os fondos propios representan o 46% e os recursos alleos, o 23,3%.

Finalmente, no que ó estudio económico e financeiro se refire, os indicadores de nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación, **cadro 4.4.7.6.**, amosan unha desaceleración no crecemento dos ingresos, o aumento do peso relativo dos gastos de persoal ou a redución da carga financeira. O devandito cadro reflicte a redución das rendibilidades económica e financeira antes de impostos. A primeira, por mor do comportamento da marxe e da rotación de activos, e a segunda debido ó empeoramento da rendibilidade económica, que compensa o efecto da redución do custo da débeda. ■

Consideracións ós SECTORES PRODUCTIVOS

D

a análise da evolución dos sectores productivos en Galicia ó longo de 1998, poderían salientarse, entre outras, as seguintes consideracións:

- **1.-** O número de empresas do Réxime Xeral da Seguridade Social aumentou nun 4,7%, pasando de 82.010 no ano 1997 ás 85.862 empresas do ano 1998. As empresas dun só traballador son as máis abundosas (40.090 empresas, fronte ás 39.071 do ano anterior) e representan o 46,7% do total das mesmas.

- **2.-** Atendendo ó criterio de selección de empresas da base Ardán –empresas das que se dispoñe de datos durante dous anos consecutivos, teñen o seu domicilio social en Galicia e facturan máis de 40 millóns de pesetas–, as 11.130 empresas consideradas representan o 30,2% do total de empresas mercantís galegas e dan emprego ó 25,9% dos traballadores.

1997 pode ser considerado como un bo ano para as empresas galegas seleccionadas polo Ardán. O seu **VEB a custo de factores** ascendeu a 947.405,7 millóns de pesetas (un 20,2% do VEB de Galicia, segundo os datos de Funcas), un 13,7% superior ó existente ó ano anterior. Estas empresas, cun **emprego medio** de 21 traballadores por empresa, presentaron uns **ingresos de explotación** de 4.756.902,6 millóns de pesetas (un 13,43% superior ós ingresos do ano anterior) en tanto que o **resultado neto** do exercicio acadou os 131.739,5 millóns de pesetas (o 2,77% dos ingresos de explotación). En relación ó acontecido o ano anterior, esta variable medrou un 32,3%.

A **carga financeira** descendeu en 1997 un 16,9% para situarse en 34.757,9 millóns de pesetas (un 0,73% dos ingresos de explotación).

Os **gastos de persoal** do conxunto

das empresas galegas seleccionadas por Ardán acadaron os 620.514,21 millóns de pesetas, un 9,91% máis que o ano anterior. O peso relativo destes gastos respecto ós ingresos de explotación descende desde o 13,46% en 1996 ó 13,04% en 1997.

O **balance** das empresas amosa, en termos relativos, que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 18,2% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 368.361,9 millóns de pesetas, un 18,23% superior ó do ano anterior. O 81,8% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 52,6% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medraron un 11,63% respecto ó ano anterior, supoñen o 34,62% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 8,79%, co que o seu peso relativo foi do 16,26% do total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 3.504.976,84 millóns de pesetas, un 10,6% superior ó valor de 1996, dos que 1.475.535 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 8,77% superior respecto ó ano anterior). Os 2.029.441,8 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 11,99% en relación a 1996.

Finalmente, prodúcese un aumento das **rendibilidades económica e financeira**. A primeira, que pasa do 6,76% ó 6,96%, medra debido ó comportamento da marxe de actividade e da rotación de activos, en tanto que o aumento da segunda, que pasa do 13,40% ata o 15,23%, está motivado pola evolución da primeira e pola redución do custo da débeda.

ción das empresas no que á xeración do VEB se refire (acolle ó 22,6% do VEB total), seguida de A Coruña (15,9%), Arteixo (7,2%), Santiago (5,4%) e Pontevedra (3,6%).

• **3.- O sector primario e industrias relacionadas**, formado polos subsectores agro-gandeiro, mar-industria e silvicultura-madeira, está composto por 2.452 empresas en 1997 segundo o criterio de selección de Ardán (non considera as cooperativas), o que representa o 22% das empresas consideradas, e presentan un emprego medio de 22 traballadores por empresa.

O seu VEB a custo de factores ascendeu a 201.010,94 millóns de pesetas (un 46,55% do VEB xerado polo sector primario de Galicia segundo os datos de Funcas), un 9,9% superior ó existente ó ano anterior. Estas empresas presentaron uns ingresos de explotación de 1.397.810,33 millóns de pesetas (un 11,80% superior ós ingresos do ano anterior) en tanto que o resultado neto do exercicio acadou os 31.333,26 millóns de pesetas (o 2,24% dos ingresos de explotación). En relación ó acontecido o ano anterior, esta variable medrou un 13,84%.

A carga financeira descendeu en 1997 un 20,96% para situarse en 11.381,66 millóns de pesetas (un 0,81% dos ingresos de explotación).

Os gastos de persoal das empresas do sector primario seleccionadas por Ardán acadaron os 124.735,53 millóns de pesetas, un 6,8% máis que o ano anterior. O peso relativo destes gastos respecto ós ingresos de explotación descende desde o 9,34% en 1996 ó 8,92% en 1997.

O balance das empresas amosa, en termos relativos, que o financiamento per-

Vigo é a principal zona de **localiza-**

manente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 17,8% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 84.976,6 millóns de pesetas, un 17,46% superior ó do ano anterior. O 82,2% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 50,65% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medraron un 12,44% respecto ó ano anterior, supoñen o 34% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 13,7%, cun peso relativo do 13,37% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 796.082,1 millóns de pesetas, un 12,4% superior ó valor de 1996, dos que 318.204 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 11,27% superior respecto ó ano anterior). Os 477.878 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 13,2% en relación a 1996.

Finalmente, a rendibilidade económica se mantén no 6,31% e a rendibilidade financeira antes de impostos crece no período considerado (pasa do 11,79% de 1996 ata o 12,66% de 1997) por mor, fundamentalmente, da redución do custo da débeda.

Vigo é a principal zona de localización das empresas do sector primario no que á xeración do VEB se refire (acolle ó 17,6% do VEB total), seguida de A Coruña (9,7%) e Santiago (6,4%).

• **4.- O sector industrial**, composto polos subsectores enerxético, bens de equipamento, bens intermedios e o dos bens de consumo, está formado por 3.021 empresas en 1997, o que significa que o 27,14% das empresas consideradas per-

tencen a este sector. O seu VEB a custo de factores acadou os 373.980,2 millóns de pesetas neste ano (un 16,95% superior ó existente ó ano anterior), é dicir, o 39,47% do total xerado polo conxunto de empresas seleccionadas ou o 38,52% do VEB xerado polo sector industrial, segundo os datos de Funcas. As empresas deste sector presentaron un emprego medio de 28 traballadores por empresa.

Estas empresas presentaron uns ingresos de explotación de 2.057.453 millóns de pesetas (un 12,31% superior ós ingresos do ano anterior) en tanto que o resultado neto do exercicio acadou os 53.785,38 millóns de pesetas (o 2,61% dos ingresos de explotación). En relación ó acontecido o ano anterior, esta variable medrou un 45,1%.

A carga financeira descendeu en 1997 un 7,91% para situarse en 5.148,7 millóns de pesetas (un 0,25% dos ingresos de explotación).

Os gastos de persoal das empresas do sector industrial seleccionadas por Ardán acadaron os 240.427,1 millóns de pesetas, un 10,26% máis que o ano anterior. O peso relativo destes gastos respecto ós ingresos de explotación descende desde o 11,90% en 1996 ó 11,69% en 1997.

O balance das empresas amosa, en termos relativos, que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 17,3% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 129.597,6 millóns de pesetas, un 21,25% superior ó do ano anterior. O 82,7% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 51,26% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medraron un 11,96% respecto ó ano anterior, supoñen o

37,9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo creceron un 2,18% e tiñan un peso relativo do 12,20% do total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 1.270.795,5 millóns de pesetas, un 8,73% superior ó valor de 1996, dos que 521.821,5 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 6,49% superior respecto ó ano anterior). Os 748.974 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 10,3% en relación a 1996.

Finalmente, prodúcese un aumento das rendibilidade económica e financeira. No caso da primeira, que pasa do 6,98% ó 7,01%, é debido á mellora da marxe de actividade e da rotación de activos. A segunda, que pasa do 14,89% ó 16,54%, crece porque mellora a rendibilidade económica e se reduce o custo da débeda.

O principal núcleo de localización das empresas atendendo á xeración do VEB é Vigo, que acolle ó 28,9% do VEB industrial total, seguido de Arteixo (14,9%) e A Coruña (12,9%).

- **5.-** Atendendo ó criterio de selección de empresas realizado por Ardán, o sector da **construcción** acolle un total de 2.821 empresas (o 25,35% do total de empresas seleccionadas), cun emprego medio de 17 traballadores. O VEB a custo de factores xerado por estas empresas ascendeu a 174.430,15 millóns de pesetas, que representa o 18,41% do VEB total xerado polo conxunto de empresas galegas consideradas e o 40,13% do VEB total xerado polo sector da construción, segundo Funcas.

Estas empresas presentaron uns ingresos de explotación de 691.176,66 millóns

de pesetas (un 24,89% superior ós ingresos do ano anterior) en tanto que o resultado neto do exercicio acadou os 22.393,79 millóns de pesetas (o 3,24% dos ingresos de explotación). En relación ó acontecido o ano anterior, esta variable medrou un 35,73%.

A carga financeira descendeu en 1997 un 6,58% para situarse en 13.339,1 millóns de pesetas (un 1,93% dos ingresos de explotación).

Os gastos de persoal das empresas da construción seleccionadas por Ardán acadaron os 117.487,75 millóns de pesetas, un 9,45% máis que o ano anterior. O peso relativo destes gastos respecto ós ingresos de explotación descende desde o 19,40% en 1996 ó 17,0% en 1997.

O balance das empresas amosa, en termos relativos, que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 22,9% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 129.747 millóns de pesetas, un 15,22% superior ó do ano anterior. O 77,1% restante está financiado polos acredores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 38,63% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medraron un 14,05% respecto ó ano anterior, supoñen o 24,50% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo creceron un 8,30%, sendo o seu peso relativo do 13,70% do total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 712.124,95 millóns de pesetas, un 10,62% superior ó valor de 1996, dos que 145.334,17 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 9,70% superior respecto ó ano anterior). Os 566.790,78 millóns de pesetas restantes corresponden

ó circulante neto, que medrou un 10,86% en relación a 1996.

Finalmente, prodúcese un aumento das rendibilidades económica e financeira. A primeira, que pasa do 6,29% ó 6,67%, medra por mor da mellora da rotación de activos, xa que a marxe experimenta un lixeiro retroceso. A segunda, que pasa de 12,16% ós 15,26%, crece porque mellora a rendibilidade económica e se reduce o custo da débeda.

O principal núcleo de localización das empresas atendendo á xeración do VEB é A Coruña, que acolle ó 16,3% do VEB industrial total, seguido de Vigo (14,4%) e Pontevedra (10,2%).

• **6.- O sector servicios**, que presenta unha especial dificultade para a análise provocada pola súa heteroxeneidade, está formado por 2.352 empresas (o 21,13% do total de empresas seleccionadas polo Ardán), cun emprego medio de 19 traballadores.

O seu VEB a custo de factores ascendeu a 171.409,14 millóns de pesetas (un 18,09% do VEB total xerado polas empresas galegas seleccionadas e o 6,01% do VEB xerado polo sector servicios, segundo os datos de Funcas), un 12,57% superior ó existente ó ano anterior. Estas empresas presentaron uns ingresos de explotación de 521.297,5 millóns de pesetas (un 10,57% superior ós ingresos do ano anterior) en tanto que o resultado neto do exercicio acadou os 16.723,64 millóns de pesetas (o 3,21% dos ingresos de explotación). En relación ó acontecido o ano anterior, esta variable medrou un 39,40%.

A carga financeira descendeu en 1997 un 12,15% para situarse en 8.579,96 millóns de pesetas (un 1,65% dos ingresos de explotación).

Os gastos de persoal das empresas do sector servicios seleccionadas por Ardán acadaron os 120.361,28 millóns de pesetas, un 12,32% máis que o ano anterior. O peso relativo destes gastos respecto ós ingresos de explotación aumenta desde o 22,73% en 1996 ó 23,09% en 1997.

O balance das empresas amosa, en termos relativos, que o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 10,55% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 20.416,8 millóns de pesetas, un 52,8% superior ó do ano anterior. O 89,45% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concenente ás fontes de financiamento, o 69,67% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medraron un 10,14% respecto ó ano anterior, supoñen o 35,65% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 12,51%, cun peso relativo do 32,23% do total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 570.778,9 millóns de pesetas, un 13,6% superior ó valor de 1996, dos que 377.271,9 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 9,45% superior respecto ó ano anterior). Os 193.507 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 22,51% en relación a 1996.

Finalmente, prodúcese un aumento das rendibilidades económica e financeira. A primeira, que pasa do 7,81% ó 8,27%, medra polo comportamento da marxe de actividade e da rotación de activos, en tanto que a segunda, que pasa do 14,47% ata o 17,14%, aumenta pola evolución da primeira e pola redución do custo da débeda.

A Coruña é a principal zona de loca-

lización das empresas no que á xeración do VEB se refire (acolle ó 28,8% do VEB total), seguida de Vigo (23,4%) e Santiago (8,1%).

• 7.- Dada a importancia estrutural do sector primario en Galicia, cómpre facer unha análise máis pormenorizada do mesmo.

Do total da superficie xeográfica galega (2.947,7 miles de hectáreas), un 14,1% está dedicado ó cultivo e un 62,2% é superficie forestal. Case que a metade desa superficie forestal (o 49,4%) corresponde a monte madeirable; un 46,5%, a monte leñoso; e o 4,1% restante, a monte aberto.

A contribución do **subsector agrícola** á produción final agraria (PFA) do ano 1997 foi do 22,06%, fronte ó 23,95% do ano 1996. A vocación comercial (que mide o nivel de integración da agricultura no seu entorno), medida pola relación PFA/PTA (producción total agraria), foi do 48,0% en 1997, moi lonxe da porcentaxe rexistrada polos subsectores gandeiro e forestal (86,4% e 90,9%, respectivamente).

O **subsector gandeiro** contribúe á PFA do ano 1996 cun 61,15% do total, fronte ó 60,81% do ano anterior. O subsector caracterízase pola pequena dimensión das explotacións e o predominio da industria láctea. Nesta actividade, as explotacións galegas teñen asignada unha cota de produción global do 30,38 % do total de España.

No **subsector forestal**, que contribuíu ó 13,48% da produción final agraria (PFA) en 1997 –fronte ó 12,1% do ano anterior–, a importancia do subsector queda reflectida no seu peso relativo a

nivel estatal: Galicia representa en 1998 o 21,4% das licencias de cortas de madeira españolas medida en metros cúbicos con cortiza.

Dentro do **subsector mar-industria**, a produción controlada de pesca fresca en Galicia descendeu no último ano un 6,3% respecto ó ano 1997, para situarse nas 171.118,2 toneladas. Pola contra, a produción acuícola aumentou tanto en valor como en produción. Salienta a evolución do mexillón, que aumentou a súa produción un 39,6% en relación ó ano 1996 e o seu valor en primeira venda, un 80,55%.

Unha resposta á falla de caladoiros é a creación de empresas mixtas naqueles países con recursos pesqueiros abundantes. En 1998 había rexistradas un total de 20 empresas mixtas que operaban en 7 países. O número de traballadores rexistrados ascendeu a 387. ■